

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de abril de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D^a Olga Alonso Suárez

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D^a. Raquel Díaz Vázquez

Invitados:

D. David Regades Fernández
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezanove de abril de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(367).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 5 de abril de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(368).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA
03/1898, 06/2536.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe da Área de Benestar Social, conformados pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- Reyes Rodríguez Alvarez. Expte. 2536/06.
- Francisco Fontán Dieguez. Expte. 93/1898.

**3(369).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA
PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL
ESCOLAR E COMEDOR NOS CENTROS ÚBLICOS E PRIVADOS CON
CONCERTO PLENO DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA
E SECUNDARIA, CURSO 2013-2014. EXPTE. 81575/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.03.13, o informe de fiscalización do 11.04.13, e de acordo coa proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 25.03.13, conformado polo xefe e a concelleira da Área de Política e Benestar Social e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases das axudas municipais escolares de libros e comedor nos centros públicos e privados con concerto pleno de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria, curso 2013/2014.

2º.- Comprometer o gasto de 80.000 euros para axudas de libros os/as alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa), con cargo á partida 2310.4810000, mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Departamento de Benestar Social 2080-5000-67-3110242616.

3º.- Comprometer o gasto de 912.000 € con cargo á partida 2310.4810000 para axudas municipais escolares de comedor curso 2013-2014. Desta cantidade 365.000 € imputaránse ao exercicio 2013, e o resto, 547.000 € con cargo o exercicio 2014. A contía do ano 2014 quedará supeditada á disponibilidad orzamentaria de ese exercicio. Ambas dúas cantidades serán aboadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Departamento de Benestar Social 2080-5000-67-3110242616.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDA ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO, CURSO 2013/2014.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Constitución española, no seu artigo 39, considera a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

A Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/1997, de administración local de Galicia, no seu artigo 80.2.k, establecen a competencia dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos de competencia xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 27).

A Lei 13/2008, do 3 de decembro de 2008 atribúe aos concellos, entre outras competencias, a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria (servizos de atención comunitaria na nova Lei). Do mesmo xeito, determinase en ambas leis que as administracións poderán conceder axudas económicas para apoiar o coidado de menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, en especial a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente, entre outros, nos ámbitos educativos, de vivenda, da cultura, das novas tecnoloxías

O artigo 8 da citada Lei 3/2011, atribúe competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

O proxecto de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo hai mais de vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda coma no seu orzamento. Van destiñadas a alumnos/as matriculados en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares en situacións de escasos recursos económicos.

Por todo isto convocase a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

É obxecto da presente convocatoria regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias do alumnado de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso 2013-2014.

As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas e que teñan dificultades en conciliar a súa vida familiar e laboral.

Os programas subvencionables serán:

- Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa).
- Axudas para comedores escolares (setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrència e obxectividade.

O fin último das subvencións é o de favorecer a integración socio laboral dos pais, nais, titores ou acolledores, apoiando a unidade familiar que, por escasez de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

SEGUNDA.- Contía

A contía da presente convocatoria ascende a un total de 992.000 € para o curso 2013-2014 e satisfarase con cargo á partida 4810000 distribuídas nas seguintes anualidades

- ano 2013: 445.000 €, dos que 80.000 € destinaranse as axudas de libros e material escolar (educación infantil 2ª etapa) e 365.000 € a axudas de comedor
- ano 2014: 547.000 € para axudas de comedor.

TERCEIRA.- Publicidade e prazo

A publicación das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina de internet www.vigo.org. Anunciarase, igualmente, no Boletín Oficial da Provincia as bases, así como o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterada por medio de anuncio na prensa local.

O prazo de presentación de solicitudes fíxase do 2 ao 16 de maio de 2013, ambos inclusive.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e das UTS, con expresión do alumno/solicitante/expediente/colexio/finalidade da subvención (libros, material escolar ou comedor) e a resolución recaída (concedida-denegada ou lista de agarda).

CUARTA.- Beneficiarios

O programa para comedores escolares da presente convocatoria engloba dous tipos de persoas beneficiarias, agrupados nas modalidades A e B que deben reunir os requisitos que se sinalan:

Modalidade A.- Por convocatoria ordinaria, reunindo os requisitos establecidos na base sexta

Modalidade B.- Con carácter excepcional, co fin de dar protección as situacións carenciais ou excepcionais do alumnado que se poideran presentar ao longo do curso escolar, unha vez resoltas as axudas da convocatoria ordinaria, poderán solicitarse axudas con carácter excepcional, debidamente xustificada polos técnicos do Departamento, ante a Comisión de Valoración a que

alude a base décimo primeira, e a conseguinte aprobación da Xunta de Goberno Local, sempre e cando cumpran os requisitos para solicitar, acheguen a documentación requirida, reseñen a causa da excepcionalidade da solicitude e exista dispoñibilidade orzamentaria. Unha vez resolta pasará a formar parte da lista de agarda única froito da convocatoria ordinaria.

Os/as alumnos/as estarán matriculados/as, no curso 2013/2014, en centros públicos ou con concerto nos niveis de:

- Educación Infantil (2ª etapa) 3 a 5 anos
- Educación Primaria 6 a 12 anos
- 1. Educación Secundaria Obrigatoria 12 a 16 anos

As subvencións que se otorguen en calquera das modalidades, realizáranse en réxime de concurrencia competitiva.

Os alumnos/as da modalidade B integraranse na lista de agarda existente, froito da convocatoria ordinaria, en función da renda per cápita obtida.

QUINTA.- Compatibilidade

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, agás as que concede o Concello de Vigo a través das FOANPAS e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia para comedor, comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Vigo, no caso de ter percibida outra axuda

Os alumnos/as tutelados/as pola Xunta de Galicia tampouco poderán acceder as axudas de libros, material escolar e comedor. No caso de ter axuda de comedor concedida e seren tutelados pola Xunta, esta sería revocada.

SEXTA.- Requisitos

Serán requisitos necesarios para solicitar as axudas:

- A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Benestar Social).
- Convivir cos alumnos/as para os que se solicitan as axudas
- Con respecto á axuda de comedor débese contar con praza no mesmo, de non ser así aínda tendo concedida a axuda non se fará efectiva.
- Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- Para acceder aos beneficios de conciliación de vida familiar e laboral, os pais, nais, titores ou acollores deberán xustificar atoparse empregados no mes anterior ao da convocatoria.
- Ter presentado a solicitude e documentación durante os prazos estipulados.

- Que a renda per cápita bruta anual da unidade familiar non exceda do 75% do IPREM, que equivale ao 100% do subsidio básico da Renda de Integración Social de Galicia para o ano 2012, equivalente a 4.792,56 euros anuais. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ao subsidio básico da Renda de Integración Social, 4.792,56 euros anuais.
- Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estén ubicados no termo municipal de Vigo.

Para os efectos destas axudas enténdese por unidade familiar:

- a) A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- b) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.
- c) A formada polo/a posible beneficiario/a e seus acolletores de feito ou de dereito, que convivan habitualmente.
- d) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompen a convivencia para estes efectos.

SÉTIMA.- Sistemas de solicitude e documentación

- Os solicitantes, independentemente de que obtivesen axuda na convocatoria anterior, deberán participar como demandantes de nova convocatoria, para o que subscribirán impreso de solicitude segundo modelo I, asinado por todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos.
- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante, e dos membros maiores de 18 anos.
- Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.
- Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa) que soliciten, libros e material escolar, aportarán un xustificante do centro educativo no que se faga constar que para o curso 2013/14 están matriculados/as ou teñen reserva de matrícula neste nivel educativo.
- Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa), primaria ou secundaria obrigatoria que soliciten axudas de comedor, aportarán un xustificante do centro escolar no que se faga constar que teñen interese no servizo de comedor para o curso 2013/2014.
- Fotocopia da certificación do grao de discapacidade no caso de que algún fillo/a da familia esté afectado/a por ela.
- Certificado de empresa, nóminas ou vida laboral, de atoparse en activo no mes anterior o da solicitude dos pais/nais dos alumnos, ou do pai/nai, en caso de familia monoparental, ou titores e acolletores, para valoración de conciliación familiar e laboral

- *No suposto de resultar beneficiario das axudas de libros e material escolar no momento de recibir o talón presentará factura xustificativa orixinal.*

OITAVA.- Formalización de solicitudes

Os/as solicitantes das axudas consideradas nas presente bases presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na súa redacción dada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.

NOVENA.- Tramitación e subsanación de solicitudes

A instrucción do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao Departamento de Benestar Social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa, e si fora o caso, requerirá para subsanación da solicitude ou documentación perceptiva de acordo co establecido no art. 71.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, enmende a falta ou acompañe os documentos requiridos; informaráselle de que, de non o facer, teráselle por desistido da súa petición, tras a resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

DECIMA.- Criterios de valoración

As solicitudes valoraranse tendo en conta a renda per cápita dos compoñentes da unidade familiar do ano 2012.

- 1. No caso de existir un/a menor na unidade familiar cunha discapacidade recoñecida entre o 33% e o 65%, este fillo/a computará por dous membros, no caso de que a discapacidade sexa superior ao 65% este fillo computará por tres membros.*
- 2. No caso de solicitudes que accedan para conciliación de vida familiar e laboral (emprego dos proxenitores, titores ou acolletores), computarásese un membro máis na unidade familiar.*

A lista de concesión farase por orden inverso ao da contía da renda per cápita da unidade familiar, de menor a maior contía. No caso de igualdade de ingresos, concederásese por maior número de membros da unidade familiar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de valoración

A Comisión de Valoración quedará integrada pola Concelleira Delegada da Área de Política de Benestar, que actuará de presidenta; o xefe de área de Acción Social; a xefa de Servicio de Benestar Social e a técnica responsable do programa. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Concesión e resolución das axudas

O/a instructor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na base décima, e fará constar expresamente que da información que obra no seu poder, se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. O/a instructor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades de Traballo Social, de considerarse necesario.

Rematada a instrucción do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na base undécima.

A proposta de resolución conterá a relación na que se indicará todos os/as solicitantes que participan na convocatoria, os/as alumnos/as, renda per cápita anual, expediente, colexio, curso, concepto (libros, material escolar e comedor), resolución das axudas, co seu estado de concedido, denegado ou lista de agarda.

- Concedidas.- Reseñarase a subvención individual de cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total das mesmas no poden superar o crédito consignado.
- Denegadas.- Farase constar algúns dos seguintes motivos :
 - A solicitude foi presentada fóra de prazo.
 - Non aportan a documentación requirida.
 - Non estar empadroados/as.
 - Matriculado nun centro privado sen concerto.
 - Supera os ingresos.
 - O centro non conta co servizo de comedor.
 - O/A alumno/a non está matriculado/a.
 - Por non cumprimento do requisito de excepcionalidade.
- Lista de agarda: coa súa correspondente orde, por renda per cápita

A Xunta de Goberno Local, a proposta da instructora do procedemento, previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das subvencións con cargo á partida 4810000 "Becas libros, material escolar e comedor" do orzamento de Benestar Social Concello do ano 2013 e 2014, por uns importes máximos de 80.000€ para axudas de libros e material escolar de Educación infantil (2ª etapa) e 912.000 € para comedor do curso 2013/2014.

Logo da aprobación definitiva das subvencións, publicaráselle na paxina web do concello e nas UTS a lista de beneficiarios/as, co seu estado de concedido, denegado, ou lista de agarda.

DECIMO TERCEIRA.- Contía , pagamento das axudas e xustificación.

1.- Contía para libros e material escolar

Educación infantil (3, 4 e 5 anos) 80,00 € / alumno/a

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez por medio de cheque bancario, tras a presentación de facturas orixinais. Ditos cheques aboaránselle no Departamento de Benestar Social do Concello de Vigo do 1 a o 30 de outubro de 2013.

Nos casos especiais e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do beneficiario/a, aboaránselle ao/a profesional da UTS ou programa correspondente, que disporá o pago da contía que se subvenciona directamente no establecemento subministrador do material escolar.

2.- Contía para comedor

O prezo da praza de comedor será comunicado polo Centro escolar, previamente deducidas as subvención recibidas ou pendentes de recibir, para a mesma finalidade, ao Departamento de Benestar Social do Concello.

A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a será como máximo de 41 € .
Nos meses de decembro de 2013 e abril de 2014, aboarase o 70% do custo total mensual do comedor, en lugar do 100%, por ter menos días lectivos.

A diferenza, de habela, entre o prezo da praza e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

3.- Pagamento das axudas de comedor

As axudas concédense ás familias e pagaránse aos centros, que actuarán como entidades colaboradoras nos termos previstos na Lei 38/2003, xeral de subvenciones, e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Os centros asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos, de acordo a súa finalidade, responsabilizándose de comunicar as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ao Departamento de Benestar Social.

4.- Pago á entidade colaboradora e seguemento das axudas.

O pago realizarase mediante transferencias dende a conta habilitada 2080-5000-67-3110242616 do Departamento de Benestar Social á conta corrente que indique cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.

A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.

As propostas de aboamento aos centros educativos faranse de xeito anticipado en tres prazos:

- O primeiro, ao longo do primeiro trimestre do curso escolar, por un importe máximo estimado correspondente ao 40 por 100 do importe correspondente á resolución definitiva de beneficiarios/as.
- O segundo, no segundo trimestre do curso escolar, ata completar un importe máximo correspondente ao 80 por 100 de todas as becas efectivamente concedidas para o curso escolar, previo reaxuste das cantidades abonadas no primeiro pago.
- O terceiro, no último trimestre do curso escolar, ata completar o 100 por 100 do importe total de todas as becas, en función das necesidades reais satisfeitas nos pagos anteriores e previo reaxuste da cantidade concedida nos mesmos.

As direccións dos centros certificarán a utilización do servizo de comedor por parte dos/as alumnos/as beneficiarios/as coincidentes cos tres aboamentos e a aplicación dos fondos recibidos ao pago dos servizos de comedor, achegando ao remate do curso os listados de sinaturas dos pais, nais e/ou titores.

No pago do segundo e tercer aboamento regularizaranse os correspondentes axustes debidos aos traslados ou renuncias dos alumnos/as beneficiarios/as, tendo que reintegrar, en todo caso as cantidades que correspondan as baixas producidas e non cubertas con alumnos/as da lista de agarda.

O traslado de centro docente o longo do curso dentro do municipio, non supón para o beneficiario/a, a perda da axuda, sempre e cando, no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa

comunicado ao Departamento de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, surtirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte.

Se o/a alumno/a trasladárase sen finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do abono do comedor.

De producirse baixas entre os beneficiarios/as das axudas escolares de libros, material escolar e comedor, estas serán cubertas por outros alumnos/as, que téndoa solicitada por calquera das modalidades fixadas na cláusula cuarta, atópanse na lista de agarda con menor renda per cápita, independentemente do colexio ao que pertenza, sempre que exista crédito.

DÉCIMO CUARTA.- Reclamacións

O prazo de resolución e de notificación das reclamacións non excederá de seis meses contados desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento de reclamación notificaráselle aos interesados/as conforme ao previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima aos interesados/as para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adoptan na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes. Entenderase desestimado si transcorre outro mes sin contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

Os prazos contaránse a partir do día seguinte da súa publicación.

Contra a resolución individual poderán interpoñerse recursos potestativos de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do Concello e das Unidades de Traballo Social e na web do Concello.

DÉCIMO QUINTA.- Obrigas dos beneficiarios/as

Serán obrigas dos beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia, as que seguen:

- Utilizar o servizo de comedor todo o mes, agás causas xustificadas.
- Comunicar ó Departamento de Benestar Social ou ó centro educativo as baixas.
- O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ao que pertence o alumno/a, o Consello Escolar do centro poderá adoptar as medidas que crea oportunas. Se a medida adoptada fose a expulsión do servizo de comedor, a axuda suspenderase polo tempo que esta dure.
- O pai, nai ou titor está obrigado/a a asinar os listados da axuda de comedor no centro escolar no que estea matriculado o alumno/a.

- Ó aboamento por parte do pai, nai ou titor da diferenza, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda percibida.

DÉCIMO SEXTA.- Revocación e réxime sancionador

- a) No caso das axudas de libros e material escolar, revogarase a subvención concedida cando esta non fora destinada ao fin para a que foi concedida.
- b) No caso de axudas para comedor, cando o Concello teña coñecemento da ausencia sen causa xustificada dun alyumno/a, por un período continuado de catro días, ou tres alternos no período dun mes, poderá sancionarse coa suspensión temporal ou definitiva para o curso 2013-2014.

A suspensión comenzará sempre o primeiro día do mes e de tratarse dunha suspensión temporal, o reinicio será tamén a primeiros do mes estipulado.

- c) Todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO SÉPTIMA.- Norma final

En todo aquilo non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

4(370).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 33.750,48 € A FAVOR DE SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L. -SAMYL, POLO SERVICIO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO E MANTEMENTO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 9858/255.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 4.04.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Negociado de Cemiterios, do 8.03.13, conformado polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e a concelleira-delegada da Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante convalidación a favor de “SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. -SAMYL-”, por importe de 33.750,48 euros (IVE engadido) segundo facturas correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2013, pola realización dos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemterios municipais naquelas datas.

2º.- Recoñece-la obriga de pagamento a favor de “SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. -SAMYL-” (CIF.: B-47037577), por importe de

33.750,48 euros (IVE engadido) pola realización dos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemterios municipais nos meses de xaneiro e febreiro de 2013, con cargo á Partida orzamentaria 1640.2279900 do vixente exercicio.

3º.- Notificar o presente acordo aos interesados nos termos do artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

5(371).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CALZADO PARA PERSOAL DO CONCELLO. EXPTE. 4280/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 22.03.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Quedar enterada das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación respecto dos seguintes licitadores:

1. Manuel Muradas Seara Por non acreditar a solvencia técnica
2. A oferta presentada por El Corte Ingles, S.A. Ao lote 1e 2 por non cumprir co prego de clausulas administrativas particulares.
3. A oferta presentada por Peycar S.L. Aos lotes 3 e 4 por non cumprir co prego de clausulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir da clasificación a oferta presentada por Complementos Policiais, S.L. ao lote 3 por considera-la como desproporcionada.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación do procedemento negociado con publicidade para a subministración de calzado para o persoal do concello (expediente 4280-241) no seguinte orde decrecente:

Lote 1 Calzado de seguridade: Peycar, S.L. Con 85 puntos.

Lote 2 Calzado de uniformidade: Peycar, S.L. Con 85 puntos.

Lote 3 Calzado Policia Local El Corte Ingles S.A. Con 85 puntos.

Lote 4 Calzado de Bombeiros: El Corte Ingles, S.A..L. Con 85 puntos.

Cuarto.- Requirit os licitadores clasificados en primeiro lugar . para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Quinto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

6(372).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CONTENERIZACIÓN SOTERRADA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3121/252.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta formulada polo secretario da Mesa de Contratación, de data 9.04.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a ECOLIMSISTEM, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do Concello de Vigo (expte. 3121-252) por un prezo de 111.932,73 € (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE DE 10.175,7.

Instalación de Bomba de achique no foxo do equipo da rúa Pablo Murillo	Ano 2014
Instalación de Bomba de achique no foxo dos equipos da rúa Luis Taboada nº 21	Ano 2015
Instalación de Bomba de achique no foxo dos equipos da rúa Marques de Valadares nº 5	Ano 2014
Alimentación eléctrica á instalación construída no inicio da rúa Teófilo Llorente	Ano 2013

Dispoñer dun local na cidade de vigo e de un técnico con residencia permanente na cidade de Vigo durante toda a vixencia do contrato.	Inicio do contrato
---	--------------------

- Reducción do tempo de resposta ante as incidencias/avarías de 3 horas para as avarías urxentes, e de 12 horas para as non urxentes
- Un local no termo municipal de Vigo
- Instalación de bombas de achique nos foxos dos equipos das rúas Pablo Morillo, Luís Taboada (nº 21) e Marqués de Valladares (nº 5) 3 unidades.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

7.- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O PROXECTO “SUSTAINABLE URBAN MOBILITY”. EXPTE. 8966/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 10.04.13, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de 14.12.2012 poloque se clasifica as ofertas presentadas o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de asistencia técnica para o proxecto “Sustainable Urban Mobility”.

2º.- Declarar deserto o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de asistencia técnica para o proxecto “Sustainable Urban Mobility” xa que a única empresa presentada, Metodo Estudios Consultores S.L.U, presentou unha escritura de modificación do obxecto social que non esta inscrita no Rexistro Mercantil.

3º.- Devolve-la garantía definitiva constituída por Metodo Estudios Consultores S.L.U, por importe de 1.611,57 euros e co número de operación 201300016958.

8(373).- DECLARAR DESERTO O ALLEAMENTO DE 140 UNIDADES DE COLECTORES METÁLICOS. EXPTE. 4372/241.

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 10.04.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Declarar deserto o Alleamento de 140 unidades de colectores metálicos. (exped 4372-241) por non se ter presentado licitadores.

9(374).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A CENTRO DE OBSERVACIÓN Y TELEDETECCIÓN ESPACIAL SAU CONSTITUÍDA POLA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE LOCAL GIS NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6526/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.04.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 15.04.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a COTESA a fianza de 2.300 euros constituída para responder da subministración e instalación de local GIS no Concello de Vigo xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

10(375).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A MOPAVI S.L.U. CONSTITUÍDA POLA SUBMINISTRACIÓN DE MOTOCICLETAS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE. 4434/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.04.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 9.04.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a MOPAVI, S.L.U. a fianza de 12.225,64 euros constituída para responder da subministración de motocicletas para a Policía Local, xa que foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

11(376).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A ANGEL LEIRÓS MOTOS S.L. CONSTITUÍDA POLA SUBMINISTRACIÓN DE MOTOCICLETAS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE. 4433/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.04.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 9.04.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a ANGEL LEIRÓS MOTOS, S.L. a fianza de 2.310,25 euros constituída para responder da subministración de motocicletas para a Policía Local, xa que foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

12(377).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A PERKIN ELMER S.L. CONSTITUÍDA POLA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPO DE ESPECTROFOTOMETRÍA DE ABSORCIÓN ATÓMICA. EXPTE. 4427/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.04.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 9.04.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a PERKIN ELMER, S.L. a fianza de 2.538 euros constituída para responder da subministración de equipo de espectrofotometría de absorción atómica, xa que foi recibido conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

13(378).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A G.S.S. ATLÁNTICO S.L. CONSTITUÍDA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA 010. EXPTE. 4442/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.04.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 15.04.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a G.S.S. ATLÁNTICO, S.L. as fianzas de 4.327,29 e 4.986,28 euros constituídas para responder da prestación do servizo de atención telefónica 010, xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

14(379).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE UN CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA PARA A CELEBRACIÓN DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO 2013. EXPTE. 14160/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3.04.13, o informe de fiscalización, do 15.04.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do 27.03.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.200€ (sete mil douscentos euros) á, NIF: V15038458, para o financiamento das FEIRAS DO LIBRO DE VIGO 2013 , organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.489.00.06 “FED. LIBREIROS DE GALICIA FEIRA DO LIBRO DE VIGO”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “FEIRAS DO LIBRO DE VIGO 2013”.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO 2013

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil

REÚNENSE

A Concellería de Cultura, Festas e Museos (en adiante Concellería), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeada polo decreto de delegación da Alcaldía de data 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de febreiro de 2013; con enderezo na Praza do Rei s/n,

CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo, en adiante o CONCELLO

Doutra, a Sr^a Pilar Rodríguez Álvarez, na súa condición de presidente da FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA (CIF: V15038458), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figura nos arquivos desta concellería; e con enderezo na rúa Rep^a. El Salvador, 28 entrecán B CP15701 da cidade de Santiago de Compostela, en adiante a FEDERACIÓN.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que a Concellería é o órgano da Administración do Concello ao que lle corresponde as competencias en materia de promoción da cultura, do libro e a lectura. Dentro dese ámbito competencial, vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, promoción da cultura, do libro e da lectura, para achegar o máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2013, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.489.00.06 "FED. LIBREIROS DE GALICIA FEIRA DO LIBRO DE VIGO", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.200 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL.....

TERCEIRO.- A FEDERACIÓN é unha entidade inscrita no Rexistro da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia e tal e como establecen os seus estatutos ten como fins sociais entre outros "...intensificar o crecemento dos lectores con campañas publicitarias dende os distintos medios de comunicación social e outras formas de fomento da lectura. Fomentará o e organizará feiras do libro tanto locais como de ámbito territorial da Federación, para o que ditará normas e chegará a acordos para que dentro da súa competencia, teñan o máximo relevo posíbel".

Ase mesmo, a entidade ven de solicitar a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo.

CUARTO.- Que FEDERACIÓN ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do libro galego en particular, promovendo a tal fin a XXXIX edición do Libro Novo e a XXII edición do Libro Antigo e de Ocasión e, que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

QUINTO.- Que FEDERACIÓN reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2º e 3º do citado artigo. Ase mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.

SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concédente, polo que

as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización das "FEIRAS DO LIBRO DE VIGO".

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre O CONCELLO e a FEDERACIÓN para desenvolver o programa de actividades "FEIRAS DO LIBRO DE VIGO" que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos e ingresos da actividade obxecto do convenio polo importe total de 31.900€ (trinta e un mil novecetos euros), financiándose a mesma mediante a achega total de 7.200€ do Concello de Vigo.

O orzamento para a Feira do Libro Novo é de 15.300€, aportando o Concello de Vigo 3.600 (23,53 %), Xunta de Galicia 3.100€ (20,26), Deputación Provincial de Pontevedra 1.000€ (6,54) cotas dos participantes 5.200€ (33,9%) e recursos da entidade 2.400€ (15,69%). O orzamento para a Feira do Libro Antigo e de Ocasión é de 16.600 aportando o Concello de Vigo 3.600 (21,69%), Deputación Provincial de Pontevedra 1.000€ (6,08), cota participación expositores 9.300 (56,02 %) e recursos propios da entidade 2.700€ (16,27 %).

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

A XXXIX Feira do Libro Novo de Vigo, celebrarase no recinto da Praza de Compostela, dende o día 28 de xuño ata o día 7 de xullo de 2013. Os horarios de apertura da feira, serán, polas mañás, de 12.00 a 14.00 horas e polas tardes de 18,00 a 22,00 horas.

A XXII da Feira do Libro Antigo e de Ocasión de Vigo, celebrarase no recinto da Praza de Compostela, dende o día 27 de xullo e o 11 de Agostode 2013. Os horarios de apertura das casetas, serán de 11,00 a 14,00 polas mañás e de 18,00 a 22,00 horas, polas tardes.

Soamente será posible o cambio de lugar ou data de realización do programa, no caso de que algunha causa de forza maior, allea á organización do Programa e debidamente xustificada, impida a súa realización segundo o previsto neste convenio; non entendéndose as conseguíntes modificacións como razóns achacables ao incumprimento do presente convenio.

CUARTA.- OBRIGAS DA FEDERACIÓN. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.

1. Todas as actividades, serán organizadas e dirixidas tecnicamente pola Federación, baixo a responsabilidade de Dona Pilar Rodríguez Álvarez, Presidenta da Federación de Libreiros de Galicia e directora das Feiras do Libro, e Dona Mar Vázquez Fernández. Coordinadora da Federación de Libreiros de Galicia e responsable da organización da Feira do Libro Novo de Vigo que actuarán como interlocutoras fronte á Concellería.

A tal fin a Asociación designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.

2. *Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude, de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.*
3. *Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).*
4. *Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.*
5. *Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as acción de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*
6. *Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería, facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través da páxina Vigocultura.org.*
7. *FEDERACIÓN comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*
8. *A concesión da subvención a FEDERACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

QUINTA.- OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,

1. *Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*
2. *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integra polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á FEDERACIÓN é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello de Vigo, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

Calquera que sexa o medio de difusión, a FEDERACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello, as súas actividades e funcionamento; incorporando os eu anagrama-logotipo, ademais das lendas indicadas polo servizo de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello, deberá acordarse coa Concellería a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias FEDERACIÓN , CONCELLO e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade a FEDERACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende o servizo de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente concertada, coa Concellería.

FEDERACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

FEDERACIÓN facilitará ao servizo de Cultura, ca antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa Concellería para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O CONCELLO xestionará o pagamento a FEDERACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de

Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme da concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- *Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no prazo de tres meses dende o remate da actividade, e en todo caso antes do 1 de novembro de 2013.*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria-avaliación do programa de actividades realizadas, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
 1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
 2. *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
 3. *Memoria de prensa.*
 4. *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
 5. *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica xustificativa, ca declaración e desglose da totalidade dos gastos e ingresos da actividade subvencionada, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes; acreditados mediante facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa).*
- ◆ *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
- ◆ *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a FEDERACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*

Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, - agás que xustifique que estea exenta de IVE-.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no presente ano que respondan directa e indubidablemente á natureza da activades realizada, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do CONCELLO á FEDERACIÓN, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas pola FEDERACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMA.- REINTEGRO.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO PRIMEIRA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo

común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería.

DÉCIMO TERCEIRA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da Concellería e da Federación. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizarlos nun futuro indistintamente.

A Concellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO CUARTA: PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA FEDERACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Federación, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello de Vigo, del tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2013, e non será prorrogable.

DECIMO SEXTA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello, A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a Concalleira queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO SÉTIMA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. L 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO Iº

ORZAMENTO DAS FEIRAS DO LIBRO DE VIGO 2013.

ORZAMENTO					
GASTOS FEIRA DO LIBRO NOVO			GASTOS FEIRA DO LIBRO ANTIGO E DE OCASIÓN		
Concepto	Importe		Concepto	Importe	
Infraestrutura	13.500€		Infraestrutura Casetas	14.500€	
Persoal e mantemento	1.300€		Gastos persoal	1.300€	
Varios e imprevistos	500€		Comunicacións e convocatorias	300€	
TOTAL GASTOS	15.300€		Varios e imprevistos	500€	
			TOTAL GASTOS	16.600€	
INGRESOS FEIRA DO LIBRO NOVO			INGRESOS FEIRA DO LIBRO ANTIGO E DE OCASIÓN		
Concepto	Importe	%	Concepto	Importe	%
Cotas de inscrición dos participantes	5.200€	33,99	Cota de participación de expositores	9.300€	56,02
Subvención Consellería de Cultura	3.100€	20,26	50% Subvención do Concello de Vigo	3.600€	21,69
50% da subvención do Concello de Vigo	3.600€	23,53	Recursos propios da entidade	2.700€	16,27
Subvención da Deputación Pontevedra	1.000€	6,54	Subvención da Deputación Pontevedra	1.000€	6,02
Recursos da entidade	2.400€	15,69	TOTAL INGRESOS	16.600€	100%
TOTAL INGRESOS	15.300€	100%			

Total Ingresos Feiras de Vigo 2013 = 31.900€

15(380).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN LAXEIRO PARA PROGRAMA DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2013. EXPTE. 255/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.04.13, o informe de fiscalización, do 21.03.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do

Servizo de Museos Municipais, do 15.03.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e a concelleira-delegada da Área de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar unha subvención á FUNDACIÓN LAXEIRO con CIF G36852358, co obxecto de financiar o seu programa de actividades e funcionamento, para o exercicio económico de 2013, por importe de 86.151 € (oitenta e seis mil cento cincuenta e un euros), o que supón una achega do Concello de Vigo do 67,32 % do seu presuposto ordinario de gastos), con cargo á partida 3330.489.00.01 (“Fundación Laxeiro”) que figura no presuposto vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- A subvención que outorgue o Concello de Vigo á FUNDACIÓN LAXEIRO, para o desenvolvemento da súa actividade e funcionamento axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á FUNDACIÓN LAXEIRO axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2013, como polo interese público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade da Fundación Laxeiro, acreditado pola concordancia do programa da Fundación cos fins e actividades recollidos nos Estatutos da Fundación, que foi impulsada polo propio Concello.

A FUNDACIÓN LAXEIRO está promovida polo Concello de Vigo e máis pola familia do pintor Laxeiro (acordos do Pleno da Corporación Municipal de data 2 de marzo de 1998 e do 26 de xuño de 1998); a presidencia correspóndelle o Alcalde de Vigo ou persoa na que delegue, na dotación inicial da Fundación Laxeiro inclúese o depósito de 62 obras de Laxeiro de titularidade municipal e a cesión de dereitos sobre elas e a sede de Fundación está na planta terceira da Casa das Artes, edificio de titularidade municipal. Enténdese que a forma de levar a cabo os obxectivos da Fundación constituída polo Concello é contribuir ao sostenimento do seu programa e funcionamento. Por todo o exposto, non procede a concorrencia competitiva en relación a esta subvención.

TERCEIRO.- CONDICIÓN E OBRIGAS DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN LAXEIRO.

Aprobar as condicións de concesión da subvención á FUNDACIÓN LAXEIRO; segundo establece tanto a Lei Xeral de Subvencións como a Lei de subvencións de Galicia, que indican que a resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables. A FUNDACIÓN LAXEIRO deberá asumir as condicións e obrigas que se detallan de seguido:

PRIMEIRA.- OBXECTO.

A presente subvención outorgada á FUNDACIÓN LAXEIRO pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, ten como obxecto o financiamento do seu programa de actividades e funcionamento do exercicio económico 2013.

As liñas xerais do programa da FUNDACIÓN LAXEIRO consistirán, basicamente, no desenvolvemento de exposicións temporais, xestión da exposición permanente, actividades didácticas e visitas guiadas, voluntariado cultural, proxección da figura e obra de Laxeiro (exposicións, catalogación, cátedra Laxeiro, publicacións, etc.), traballos de divulgación e investigación..., así como calquera outra actividade derivada da finalidade da FUNDACIÓN prevista nos seus estatutos.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto da subvención ascende a 127.980,00 € no exercicio económico de 2013. A FUNDACIÓN LAXEIRO financiará o seu programa do seguinte xeito:

- 86.151,00 € (oitenta e seis mil cento cincuenta e un euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 3330.489.00.01 "FUNDACIÓN LAXEIRO" do vixente presuposto municipal; que supoñen o 67,32 % do total do presuposto.
- Deputación provincial de Pontevedra 12.000,00 € (9,38 %)
- Xunta de Galicia 11.829,00 € (9,24 %)
- Entidades privadas 1.500,00 € (1,17 %)
- Amigos F. Laxeiro e doazóns 10.500,00 € (8,20 %)
- Vendas 6.000,00 € (4,69 %)

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN LAXEIRO.

1. Cumprir e organizar o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola FUNDACIÓN LAXEIRO, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa desta subvención.
4. Colaborar co Concello de Vigo coa participación da FUNDACIÓN LAXEIRO na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citada lei).
6. A concesión da subvención á FUNDACIÓN implica a aceptación das súas obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da FUNDACIÓN LAXEIRO e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención á FUNDACIÓN LAXEIRO é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a FUNDACIÓN informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A Concellería-delegada de Cultura, Festas e Museos podería determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución de determinados elementos do programa, sempre que non alteren sustancialmente o obxecto da subvención, o funcionamento do centro e os seus programas de actividades; de acordo co previsto no apartado 5 da condición TERCEIRA do presente acordo de concesión da subvención.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados; ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

De acordo co establecido no artigo 15.3 da lei 7/2007 de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería da Área de Cultura, Festas e Museos.

A FUNDACIÓN asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo á FUNDACIÓN LAXEIRO, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á FUNDACIÓN LAXEIRO, aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura, Festas e Museos.

A FUNDACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

A FUNDACIÓN tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, Festas e Museos para que os elementos sexan subvencionables.

SÉTIMA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á FUNDACIÓN LAXEIRO do importe da subvención outorgada para as súas actividades e funcionamento do exercicio 2013, de acordo co seguinte calendario de tramitación:

- a) Unha primeira achega, por importe máximo de 21.537,75 € tras a aprobación da subvención pola Xunta de Goberno Local.
- b) Unha segunda achega, por importe máximo de 21.537,75 € antes do 30 de xuño de 2013 ou dentro dos dous meses seguintes á concesión.
- c) Unha terceira achega, por importe máximo de 21.537,75 € antes do 30 de setembro de 2013 ou dentro dos catro meses seguintes á concesión.
- d) Unha cuarta achega, por importe de 21.537,75 €, ou pola contía pendente respecto ao total da achega outorgada, antes do 30 de novembro de 2013, xunto coa liquidación da subvención.

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas.-

- a) Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- b) Informe sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da FUNDACIÓN relativo ao período solicitado.
- c) Relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da FUNDACIÓN LAXEIRO, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- d) Documentos orixinais acreditativos do gasto de acordo co establecido neste acordo de outorgamento e na normativa sobre subvencións.
- e) Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidas pola AEAT, Consellería de Economía e Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo.
- f) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos; dentro do período de xustificación. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á FUNDACIÓN LAXEIRO, achegaranse un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- g) Copias das convocatorias e actas do Padroado da FUNDACIÓN LAXEIRO.
- h) Acreditación da difusión do carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do programa de actividades e funcionamento; particularmente nos propios centros, páxina web, publicacións, presentacións e difusión de actividades.

Para a segunda achega.-

Xunto coa xustificación da segunda achega da subvención, a FUNDACIÓN LAXEIRO, presentará a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo os seguintes documentos: aprobación da liquidación dos orzamentos da Fundación do ano 2012, aprobación dos orzamentos de 2013 e acreditación da presentación destes dous documentos perante dos órganos competentes en materia de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia.

Para a liquidación da subvención.-

Para a liquidación da subvención, e cuarta achega de 2013, a FUNDACIÓN LAXEIRO presentará a seguinte documentación antes do 30 de novembro de 2013:

- a) Solicitude polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da FUNDACIÓN LAXEIRO no exercicio 2013, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Memoria económica e conta xustificativa, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
 - Documentación xustificativa dos gastos efectuados con cargo á mesma, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións .

A FUNDACIÓN LAXEIRO tamén achegará á unidade xestora da subvención, polo menos coa liquidación da subvención: informes sobre os fondos municipais cedidos á Fundación (préstamos, conservación, itinerancias, xestión dos dereitos, etc.) e informe sobre a actividade do Padroado da Fundación: cambios na súa composición, copias das actas das sesións, etc.)

A xustificación da subvención realizarase no prazo previsto neste acordo de concesión e consonte a normativa vixente; de non xustificarse nos prazos previstos o beneficiario, neste caso a FUNDACIÓN LAXEIRO, perderá o dereito á mesma.

As facturas orixinais vinculadas ao proxecto subvencionado, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporaranse xunto coa relación das facturas.

As facturas deberán recoller os datos do emisor, número de CIF, a data, o número, os conceptos e importes desglosados, o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que a FUNDACIÓN LAXEIRO xustifique que estea exenta de IVE; os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente co obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade da entidade beneficiaria que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación do pagamento da subvención e das achegas parciais está condicionado á conformidade da Concelleira-Delegada da Área de Cultura, Festas e Museos, despois dos informes técnicos necesarios.

A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar con terceiros ata o 75 % das actividades subvencionadas. Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A FUNDACIÓN deberá facilitar toda a información que lle fora requerida pola Concellería-delegada de Cultura e Festas e Museos, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos ocasionados pola actividade propia da FUNDACIÓN ao longo do exercicio 2013, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados. Serán subvencionables os gastos financeiros, cando estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables para a súa axeitada preparación; establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata o 1% do importe do convenio. Os gastos de persoal xustificaranse cos contratos de traballo, as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).

COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCiónS OU AXUDAS E IMPORTE TOTAL.-

Esta subvención á FUNDACIÓN será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

En calquera caso, o importe total das subvencións ou axudas percibidas pola FUNDACIÓN non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 17.3 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A FUNDACIÓN deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ao fondos recibidos (importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas).

QUITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Laxeiro dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte remitirá ao Concello de Vigo os seus orzamentos e a liquidación dos mesmos dentro dos prazos legais, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Asimesmo con carácter trimestral remitirán a información de pagamentos para os efectos de dar cumprimento ao previsto na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidad comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, con carácter trimestral queda obrigada a remitir toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste acordo de concesión por parte da FUNDACIÓN axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo a cancelación do acordo.

DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE DA SUBVENCIÓN.

A subvención terá vixencia ata a data de remate do exercicio económico do ano 2013, de acordo cos prazos de remisión da documentación e informes á Intervención Xeral establecidos para a fiscalización da xustificación.

O presente acordo de subvención non é prorrogable.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación do presente acordo de concesión e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.”

16(381).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “MOVE VIGO 2013”. EXPTE. 5006/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.03.13, o informe de fiscalización, do 21.03.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 8.03.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e a concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Asociacións veciñais de Vigo “Eduardo Chao” para coadxuvar na organización do programa “Move Vigo 2013”.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 17.100,00-euros, en concepto do estipulado no referido convenio, que se financiará con cargo a partida

3380.489.0009 (Convenio Federación Eduardo Chao - Movevigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas correspondente ao vixente exercicio económico.

PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO "EDUARDO CHAO" PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA "MOVE VIGO 2013"

Casa do Concello de Vigo, a de de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, don Cayetano Rodríguez Escudero, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno de data 8 de febreiro de 2013.

Doutra, dona María Pérez González, como presidenta da Federación de Asociacións veciñais "Eduardo Chao", C.I.F. G-36.681.708, e enderezo social na praza da Princesa nº 7, 36202 na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario de data 16/04/2012 que figura na documentación do expediente obxecto deste convenio.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao" ten como fins os obxectivos recollidos no artigo 3 dos estatutos da Federación adaptados á Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo reguladora, do dereito de asociacións (BOE 73/02 de 26 de marzo), que se achegan ao expediente.

II.-Que o obxecto do presente convenio é o desenvolvemento do programa "MOVE VIGO 2013", consistente no desenvolvemento dun programa de carácter cultural que inclúe un circuito de actuacións culturais das agrupacións artísticas vinculadas á Federación, polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo; co obxectivo de dinamizar e dar a coñecer as mesma no eido de promoción da artes, música e danza tradicional, e promover a participación da cidadanía en xeral.

O proxecto MOVE VIGO 2013 desenvólvese principalmente ao redor de seis programas: Día das Letras Galegas "Cultura da nosa lingua" / San Xoán "Fogueira de Festas" / Samaín "Espírito de festa" / Magosto veciñal "Toma castaña" / Nadal veciñal "Goza da invernia" / Instrumentos tradicionais "Coñece a túa música".

III.- Que o Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar e dinamizar a cultura entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal.

IV.- O Concello de Vigo, no seu vixente orzamento, ten previsto un crédito de 17.100 euros con cargo á aplicación 3380.489.0009 (Convenio Federación Eduardo Chao - Movevigo), como subvención nominativa de concesión directa a favor da Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao", C.I.F. G-36.681.708, para o desenvolvemento do programa "MOVE VIGO 2013".

O programa "MOVE VIGO", foi creado pola Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao" e é exclusivo desa entidade, desenvolvéndose de xeito ininterrompido dende o ano 2003 ata o ano 2012.

Estas circunstancias impiden promover concorrencia pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o

convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o desenvolvemento do programa "MOVE VIGO 2013", que se levará a cabo principalmente nos distintos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo.

V.- Que a Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta da declaracións responsable que achega ao expediente.

VI.- Que o Concello de Vigo e a Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao" veñen convindo e coaduvando na organización do programa Movevigo cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao", o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao" comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo en canto ao desenvolvemento do programa MOVE VIGO 2013, concretamente a:

1.- Cumprir o programa obxecto deste convenio de acordo co proxecto presentado con data 01/03//2013 nº documento 130024982) que se achega ao convenio.

O importe do programa "MOVE VIGO 2013" ascende a 23.360,00 euros. Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven das actuacións e actividades do desenvolvemento do programa (recursos humanos e materiais, transportes, incentivos por actuación, etc).

2.-Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento dos seis programas comprendidos no convenio, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

3- Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

4.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia da programación.

5- Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

6- Editar e distribuír o material gráfico da programación que figura no convenio. En todos os casos deberá aparecer o logotipo do Concello de Vigo como patrocinador das actividades.

7- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións.

8.- En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

As actuacións con cargo a este convenio irán destinados ao público en xeral, con acceso libre e gratuito, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á entidade Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao" unha subvención por importe de 17.100,00 euros para o desenvolvemento do programa "MOVE VIGO 2013".

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.5000.61.3040236951, da entidade bancaria NOVAGALICIABANCO, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas según o establecido na cláusula novena e previo informe técnico favorable do servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a rendir deberá conter:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro de cada programa, datos de participación e asistentes individualizados por programa e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*

- *As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitiran facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

En ningún caso se admitiran simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal. .

Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizo da Concellería de Cultura, Festas e Museos. A xefa do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2013 e non será prorrogábel.

Décimo oitavo.- O concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican...

17(382).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIOS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “VENTE CON NÓS 2013”. EXPTE. 5007/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.03.13, o informe de fiscalización do 3.04.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 11.03.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e

Promoción cultural, o concelleiro de Cultura, Festas e Museos, e a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais para o desenvolvemento do programa "VENTE CON NOS" para o ano 2013.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 13.500,00 euros, en concepto do estipulado no referido convenio, que se financiará con cargo á aplicación 3380.489.0010 do programa orzamentario do servizo de Festas correspondente ao vixente exercicio económico.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA "VENTE CON NOS" 2013

Na Casa do Concello a de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, don Cayetano Rodríguez Escudero, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno de data 8 de febreiro de 2013.

Doutra, don Roberto Giráldez Barbeitos con D.N.I. nº 76.911.826-X, como presidente da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, C.I.F. nº G36.791.291 e enderezo social na rúa Ecuador, nº 34 local baixo Vigo Pontevedra, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación aportada ao expediente 4555/335; e no sucesivo A AGRUPACIÓN.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- A AGRUPACIÓN ten entre os seus fins estatutarios

"Representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades";

"Xestionar e acadar dos organismos competentes as axudas necesarias para que cada entidade leve a cabo os seus fins";

"Propor á administración a súa colaboración máis extensa nos ámbitos cultural, deportivo e recreativo, podendo subscribir os acordos, convenios, etc. que fosen necesarios e sexan considerados convenientes e beneficiosos para a Agrupación."

II.- No ámbito das súas competencias, O CONCELLO ten entre os seus obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o fomento e promoción da cultura tradicional galega nos barrios e parroquias da cidade.

III.- Así as cousas, O CONCELLO no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0010, prevé a concesión dunha subvención nominativa por importe de 13.500,00 euros, a favor da AGRUPACIÓN para o desenvolvemento do programa "Vente con Nós".

IV.- O programa "VENTE CON NÓS" foi creado e rexistrado pola AGRUPACIÓN no ano 2001 co fin de desenvolver un circuío de actuacións polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social; circunstancias estas que posibilitan a non concorrencia pública e A concesión directa da subvención.

V.- Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

VI.- Que a Agrupación non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións conforme ao previsto LG 9/2007, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 5007-335

VII.- Que O CONCELLO e A AGRUPACIÓN veñen asinando dende o ano 2004 convenios de colaboración para desenvolver este programa cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

A tenor das precedentes consideracións e atendendo ao interese sociocultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Agrupación exposta na memoria que se achega ao presente documento, ambas as entidades establecen a súa colaboración e formalización do presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, conforme aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A AGRUPACIÓN comprométese ao desenvolvemento dos programas "VENTE CON NOS" e "SEMANA DO TEATRO AFECCIONADO", que acolle un ciclo de actuacións de música e danza tradicional e a Semana de Teatro Afeccionado, asumindo as seguintes obrigas:

1.- Cumprir o programa obxecto deste convenio de acordo co proxecto que se achega ao presente documento, no cal:

- a) Participarán 17 grupos artísticos de música e danza tradicional e 6 grupos de teatro, pertencentes ás entidades asociadas á Agrupación que se indican no proxecto.
- b) O número total de actuacións de música e danza tradicional con cargo ao presente convenio será de 34, dúas actuacións por entidade. En canto á Semana de Teatro afeccionado é de 6 actuacións de teatro, unha actuación por entidade. Estas actuacións distribúense da seguinte forma:
 - 18 actuacións para atender as solicitudes de asociacións ou entidades da cidade.
 - 12 actuacións de libre disposición para actos organizados pola Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.
 - 4 actuacións de libre disposición para actos organizados pola Agrupación.

- a) *As contías que se establecen por actuación e grupo artístico, a proposta da Agrupación, son as seguintes:*

CATEGORIA A: (400 €/actuación)

*Grupo de Baile “Andarela”
Grupo de Baile “Lembranzas Galegas”
Grupo de Baile “Traspés”
Grupo de Baile “A Buxaina”
Grupo de Baile “Cabral”
Grupo de Baile “Corisco”*

CATEGORIA B: (350 €/actuación)

*Grupo de Baile “Lecias de Valladares”
Grupo de Baile “Frores Novas”
Grupo de Baile “Matamá”
Grupo de Baile “Helios de Bembrive”
Grupo de Baile “Asubío”*

CATEGORIA C: (300 €/actuación)

*Grupo de Baile “Os Ventos de Comesaña”
Grupo de Baile “Airiños do Coto”
Grupo de Baile “Rueiro”
Grupo de Baile “Queixumes”*

GRUPO DE GAITAS: (180 €/actuación)

*Grupo de Gaitas “Os Trasnos da Gaita”.
Grupo de Gaitas “Vagalume”*

GRUPOS DE TEATRO: *estabelécese un importe por actuación de 600,00 euros.*

*Grupo de Teatro “C.S.C.R. Beade”
Grupo de Teatro “S.C.R. Atlántida de Matamá”
Grupo de Teatro “A.C. Lareira Teatro”
Grupo de Teatro “A.A.A.E.O.I Porta Aberta”
Grupo de Teatro “Rueiro”
Grupo de Teatro “Escoitade de Valladares”*

- b) *Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven da actuación dos grupos (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras...).*
- c) *O orzamento de gastos dos programas ascende a 16.500,00 euros correspondendo 15.020,00 ás coarenta actuacións e o importe restantes a gastos indirectos e de comunicación. O Concello ten prevista unha aportación de 13.500 euros co cargo a partida 3380.489.0010 do seu vixente orzamento; e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ten prevista unha aportación de 3.000 euros, tal e como se recolle no orzamento de gastos e ingresos incorporado a este expediente.*

2.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento das actuacións comprendidas no convenio, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

3.- Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

4.- Distribuír entre os grupos artísticos participantes, ou no seu caso ás entidades vinculadas a estes, as "certificacións de actuacións" que se inclúen como "Anexo II" ao convenio, que terán que ser formalizadas polas entidades receptoras das actuacións.

5.- Editar e distribuír o material gráfico divulgativo do programa. En todos os casos deberá aparecer o logotipo do CONCELLO como patrocinador das actividades.

6.- Verificar que as entidades beneficiarias receptoras das actuacións dispoñen dos permisos e autorizacións necesarios para a realización das mesmas.

7.- As previstas como entidade beneficiarias da subvencións conforme ao previsto no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asumindo todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

Segundo.- As entidades beneficiarias que soliciten a actuación dunha agrupación artística deberán asumir os seguintes compromisos:

a) Distribuír o material gráfico divulgativo que se envíe dende o CONCELLO, se é o caso, e incluír o logotipo do CONCELLO naquel material que edite a propia entidade.

b) Xestionar e aboar o importe correspondente dos dereitos de autor que se deriven da actuación.

c) Formalizar a "Certificación de actuación", conformada pola entidade receptora da actuación, indicando as posibles incidencias acontecidas no seu desenvolvemento e suxestións relativas a mesma.

d) Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

e) Presentar a actuación facendo unha mención ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidade/s que organizan, colaboran e patrocinan.

f) Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións

g) Dispor dos seguros e coberturas de risco suficientes que garanten os posibles danos ocasionados como consecuencia da actividade.

Terceiro.- O CONCELLO, pola súa parte, comprométese a:

1.- Programar as datas e lugares das actuacións, segundo os criterios estipulados na cláusula vixésimo segunda.

2.- Comunicarlle á Agrupación os lugares, datas e horas das actuacións autorizadas, cunha antelación mínima de 15 días naturais, e 5 días naturais para aquelas outras actuacións en actos oficiais.

Se a data estivera dispoñible e non comprometida con outra actuación, o grupo quedará automaticamente comprometido co CONCELLO, entendéndose aceptada a actuación. Non caso contrario, e no prazo de dous días hábiles a contar dende a recepción da comunicación, procederase pola AGRUPACIÓN a notificar, e acreditar no seu caso, a non dispoñibilidade.

Toda actuación que se realice sen a autorización previa do CONCELLO non será aboada con cargo a este convenio.

3.- Realizar a difusión aos medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.

4.- Velar para que as condicións das actuacións e espazos de execución sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver, consensuando estas coas propias agrupacións artísticas implicadas ou en todo caso coa AGRUPACIÓN.

5.- Conceder directamente á AGRUPACIÓN, unha subvención por importe de 13.500,00 euros para o desenvolvemento do programa "VENTE CON NOS" con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0010 do vixente orzamento.

Cuarto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2100.5912.48.0200021010, da entidade bancaria LA CAIXA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao CONCELLO deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Noveno.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo.- A entidade beneficiaria, terá que xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos antes da primeira semana de decembro de 2013. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro de cada programa, datos de participación e asistentes individualizados por programa e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- *Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- *Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- *As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaráse en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal. .

Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma serán comprobados polo servizo de Festas do Concello; a tal fin o persoal técnico do mesmo emitira informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas

e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará o logotipo do concello de Vigo e da entidade beneficiaría, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do servizo de Festas da Concellería de Cultura e Festas e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico da Concellería de Festas nos propios espectáculos folclóricos programados.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo noveno.- O concelleiro de Cultura, Festas e Muesos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo primeiro.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello.

Vixésimo segundo.- As actuacións con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.

Trala correspondente convocatoria pública e prazo de admisión de solicitudes, a organización do calendario de actuacións previstas neste convenio corresponderalle ao servizo de Festas da concellería de Cultura, Festas e Museos en coordinación coa Agrupación.

As actuacións distribuiranse atendendo aos criterios de dispoñibilidade da agrupación artística, a orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello e a maior diversificación nos ámbitos territoriais e artísticos.

Con carácter xeral quedan excluídas do convenio aquelas actuacións vinculadas á programación de actos de carácter non laico, festas e romerías patronais, así como aquelas actuacións programadas dentro do mesmo ámbito territorial do barrio ou parroquia asociado ao grupo artístico e entidade que o acolle.

Con carácter excepcional, e a proposta da Concelleira de Cultura, Festas e Museos, poderase autorizar a programación doutras actuacións e concertos que non cumpran as condicións anteriores.

Vixésimo terceiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

ANEXO I

SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DO PROGRAMA "VENTE CON NÓS"

D/Dna.....	DNI.....
....teléfono.....correo electrónico.....
en representación da entidade	
.....	
CIF, con domicilio social na rúa	
nº.....	CP....., Tlf..... fax.....
....correo electrónico	

SOLICITA que o servizo de Festas lle conceda unha actuación do programa "VENTE CON NÓS" con cargo ao convenio coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, vixente para o exercicio 2013, nas datas e lugares que se propoñen a continuación, e DECLARA coñecer e aceptar as obrigas que lle corresponderían segundo o estipulado na cláusula segunda do antedito convenio que deseguido se indican.

1. Lugar de actuación

Datas	Horarios	Nome da actividade onde se encadran as actuacións

--	--	--

2. Os grupos serán designadas polo servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos atendendo a súa dispoñibilidade, a orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello e a un criterio de distribución territorial polos barrios e parroquias de Vigo.

Vigo, de de 2013

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

OBRIGAS DAS ENTIDADES RECEPTORAS DE ACTUACIÓN.

As entidades beneficiarias que soliciten a actuación dunha agrupación artística deberán asumir os seguintes compromisos:

- a) Distribuír o material gráfico divulgativo que se envíe dende o Concello, se é o caso, e incluír o logotipo do Concello de Vigo naquel que edite a propia entidade.
- b) Xestionar e aboar o importe correspondente dos dereitos de autor que se deriven da actuación.
- c) Formalizar a "certificación de actuación", conformada pola entidade receptora da actuación, indicando as posibles incidencias acontecidas no seu desenvolvemento e suxestións relativas a mesma.
- d) Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.
- e) Presentar a actuación facendo unha mención ao historial da agrupación artística, repertorio a executar e entidade/s que organizan, colaboran e patrocinan.
- f) Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións
- g) Dispor dos seguros e coberturas de risco suficientes que garanten os posibles danos ocasionados como consecuencia da actividade.

ANEXO II

CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN DE GRUPOS DE MÚSICA, DANZA E CANTO
TRADICIONAL GALEGO E GRUPOS DE TEATRO.
PROGRAMA "VENTE CON NÓS" 2013.

D/Dna.....DNI.....tfs.....correo electrónico..... en representación da entidade
--

CIF, con domicilio social na rúa nº
Tlf..... faxcorreo
electrónico.....

EXPÓN:

1. Que o grupo realizou unha actuación programada polo Servizo de Festas na citada entidade, o día de de 2013, enentro de programa de actuacións "VENTE CON NÓS"

2. Que o grupo presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.

OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS :.....

.....

.....

VIGO, de de 2013

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asdo:

18(383).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS REALIZADAS NO EXERCICIO 2013. EXPTE. 5020/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.03.13, o informe de fiscalización do 8.04.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 22.03.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción cultural, o concelleiro de Cultura, Festas e Museos, e a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar ás bases de subvencións para programas de actividades socioculturais, que de seguido se transcriben, e os anexos obrantes no expediente.

2º.- Aprobar a convocatoria de subvencións para programas de actividades socioculturais para o exercicio 2013.

3º.- Autorizar e dispor un gasto por un importe de 50.000,00 euros con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades sen ánimo de lucro) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ó abeiro desta convocatoria.

BASES DE SUBVENCIÓN PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS 2013.

Primeira.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

Segunda.- OBXECTIVOS DAS AXUDAS.

- Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora do seu contorno, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social da cidade.*
- Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito da cultura e animación sociocultural.*
- Fomentar valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión e do coñecemento da nosa identidade cultural.*
- Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural.*

2.- O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, dende unha dimensión de barrio, parroquia ou cidade.

Terceira: CONVOCATORIA

- Con carácter anual, aprobaranse as convocatorias para o outorgamento das subvencións, que se axustarán ao disposto por estas bases.*
- A convocatoria establecerá como mínimo:*
 - 1. Partida económica e créditos máximos adicados.*
 - 2. Procedemento de concesión.*
 - 3. Termo para a presentación das solicitudes.*
 - 4. Requisitos dos solicitantes.*
 - 5. Lugar onde poden obter as bases da convocatoria e formularios necesarios para concorrer a esta, información da súa data de publicación no BOP.*
 - 6. Lugar de presentación das solicitudes.*
 - 7. Concreción das diferentes liñas e conceptos subvencionabéis no ámbito sociocultural.*
 - 8. Orzamento adicado a cada liña de subvención, número máximo de programas a presentar por liña, réxime de concesión, cantidade máxima de subvención por programa, e umbral mínimo de puntos que cada programa debe alcanzar para ter dereito á subvención.*
 - 9. Ámbito temporal dos gastos subvencionabéis.*
 - 10. Número de programas que se poden presentar a cada liña de subvención, conceptos subvencionabéis e contías máximas a percibir.*

Cuarta.- BENEFICIARIOS

1.- Poderán solicitar subvención, segundo o programa subvencionábel recollido da convocatoria anual:

a) As entidades xurídica sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:

a.1.- Asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións á data de presentación da solicitude.

a.2.- Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.

a.3.- Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.

a.4.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

a.5.-Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

a.6.- Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior.

a.7.- Os demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

Quinta: SOLICITUDES

1. As entidades que concorren a esta convocatoria presentarán as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, ben directamente ben por calquera das formas previstas no artigo 38.4.da Lei 30/1992, mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (Anexo I).

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

2.- Prazo de presentación das solicitudes: o establecido na convocatoria anual e sempre nun período non inferior a 20 días naturais, a contar dende a publicación da convocatoria no BOP.

3.- Información e tramitación: Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e servizo de Festas.

As solicitudes poderán tramitarse dende a páxina web seguindo os pasos e introducindo os datos que esixe a aplicación informática, ou presentando as peticións por escrito nos modelos facilitados polo Concello.

4.- A través da convocatoria anual poderanse limitar o número de programas que poden ser presentados dentro dun mesmo concepto subvencionábel.

5.- O outorgamento da subvención non poderá superar, en ningún caso, o 75% do importe do proxecto presentado.

6.- Na mesma solicitude, incorporárase a declaración positiva de que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria prevista no artigo 13 da Lei 38/2003.

Así mesmo, autorízase expresamente ao Concello de Vigo a comprobar que está ao corrente do pago das súas obrigas fiscais e Seguridade Social (no caso contrario, deberá presentar os certificados Consellería de Facenda da Xunta de Galiza, Axencia Estatal da Administración Tributaria e Seguridade Social).

Sexta: DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación e información:

6.1. Por solicitante:

a.- Fotocopia compulsada do CIF ou NIF.

b.- Anexo I.1: declaración asinada polo/a secretario/a da entidade relativa a:

- ◆ Data do acordo da asemblea do órgano de dirección na que se decide solicitar subvención, e importes solicitados
- ◆ Solicitudes de subvencións realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións.
- ◆ Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción das axudas.
- ◆ Subvencións pendentes de xustificar ao Concello de Vigo.
- ◆ Cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade Social (só para aquelas axudas cuxa contía a outorgar non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros).
- ◆ Datos para a valoración do solicitante:
 - Persoas xurídicas: antigüidade, xestión económica financeira, masa social e representatividade, ámbito territorial e temático de intervención, recursos humanos e materiais.

c.- Certificación positiva acreditativa de estar ao corrente no pago das obrigas fiscais (Axencia estatal da Administración tributaria, Facenda da Xunta de Galicia) e Certificación acreditativa de estar ao corrente no pago das obrigas da Seguridade social ou de non ter a entidade traballadores ao seu cargo, expedidas no ano en curso (só para aquelas axudas cuxa contía a outorgar na convocatoria supere o importe de 3.000 euros e no caso de que non se autorice expresamente ó Concello de Vigo a recabar os datos relativos ao cumprimento das obrigas fiscais e da Seguridade Social).

O Concello de Vigo comprobará de oficio que o solicitante das axudas está ao corrente do cumprimento das obrigas fiscais co Concello.

d.- Certificado da titularidade da conta bancaria para aqueles solicitantes que non recibiron nunca subvención municipal ou ningún outro pago por calquera concepto e que, polo tanto, non figuren inscritos no Rexistro de Acredores do Concello.

6.2 Por programa ou proxecto solicitado:

a- Anexo II.1.- Ficha resume de cada programa de actividades facilitado polo Concello e identificativo dos principais elementos xerais deste: denominación, adscrición ao programa, fundamentación das necesidades e a razón do proxecto, ámbito de execución, coordinación, obxectivos, destinatarios, metodoloxía, temporalización, recursos humanos, materiais e económicos, sistemas de seguimento e avaliación.

b- No caso de publicacións periódicas de carácter informativo e divulgativo no ámbito da animación sociocultural, cumprirán os seguintes requisitos:

- a) Non ter carácter de boletín interno da asociación.
- b) Presentar un proxecto editorial no que se inclúa entre outros datos: responsábeis da redacción e da edición, índice, número de páxinas, número de exemplares, características (tamaño, cores, papel, etc), periodicidade da tirada, números xa publicados, sistema de distribución e plan de financiamento.
- c) Dispoñer de depósito legal.
- d) Indicar na contraportada da publicación o patrocinio da Concellería de Cultura e Festas.
- e) Depositar gratuitamente dez exemplares na Concellaría de Cultura e Animación sociocultural no prazo máximo dun mes dende a súa edición.
- f) Se a publicación xa está editada e cumpre cos requisitos anteriores, presentarse, xunto ao proxecto, un exemplar dela.

c- No que atinxe ao desenvolvemento de cursos de formación, achegarse o currículo do profesorado, os datos de custo hora por alumnado e custo hora por profesor/a, así como as características técnicas do local de formación e os recursos didácticos cos que se contan.

d- A solicitude presentada que non inclúa o proxecto específico para o cal solicita subvención será directamente excluída, sen prexuízo do disposto polo artigo 71 da Lei 30/1992.

Sétima: DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaranse:

- 1.- Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- 2.- Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.
- 3.- Aqueles nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariábel (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.
- 4.- Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
- 5.- Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- 6.- Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.

7.- Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral e non acaden unha puntuación mínima suficiente establecida na convocatoria anual, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia no se axusta aos obxectivos da convocatoria.

8.- Que a solicitude se presente fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

9.- A falta de xustificación en tempo e forma algunha das subvencións concedida na convocatoria do ano anterior.

10.- Que a entidade solicitante non teña a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.

11.- Aquelas entidades que soliciten axudas para proxectos de actividades non recollidos na cláusula novena da convocatoria (líñas de subvencións. Conceptos subvencionables).

12.- Aquelas entidades que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, non teñan obxectivos e finalidades de carácter sociocultural.

Oitava: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Na valoración dos programas ou proxectos aplicaranse os seguintes criterios:

1. Criterio para valoración da entidade solicitante	Ata 25 puntos
Traxectoria e antigüidade da entidade.	Ata 5 puntos
Masa social, representatividade e participación da cidadanía	Ata 10 puntos
Ámbito xeográfico (barrio, parroquia ou distrito), e poboación destinataria.	Ata 10 puntos
2. Criterio de valoración do programa ou proxecto.	Ata 75 puntos
<u>Interese do programa:</u> fundamentación das necesidades e a razón do proxecto, obxectivo do programa, adecuación aos obxectivos recollidos nas bases, innovación, duración do programa, colectivo a quen vai dirixido, consolidación do proxecto.	Ata 40 puntos
<u>Calidade no deseño da proposta:</u> Deseño dos contidos e incorporación de metodoloxías socioeducativas, metodoloxía, temporalización, recursos humanos, materiais uso de novas tecnoloxías, sistemas de seguimento e avaliación,	Ata 20 puntos
<u>Viabilidade técnico-económica e financeira do proxecto:</u> orzamento de gastos e ingresos previstos relacionado coa actividade, presenza doutras fontes de financiamento (propias ou externas), achega de recursos propios da entidade (humanos e materiais) e persoal voluntario para o desenvolvemento da actividade, viabilidade temporal.	Ata 10 puntos
Colaboración con outras entidades asociativas.	Ata 5 puntos

A xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é un requisito para a concesión das subvencións.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Concello de Vigo.

Novena.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E CONTIA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concurrencia competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de valoración sinalados na base anterior, coa excepción do concepto subvencionabel 3.a) da convocatoria que se lle aplicará unha cantidade fixa: por festas patronais de interese no ámbito urbano (4.000 euros). Procederáse primeramente á avaliación das solicitudes que optaron ao concepto subvencionábel 3.a) e á suma da cantidade total deste concepto. O saldo restante distribuirase entre as solicitudes que optaron aos conceptos subvencionábeis 1, 2, 3b) e 3c) mediante á avaliación por puntos de cada unha das solicitudes admitidas conforme o establecido na base oitava – criterios de valoración- das bases da convocatoria. A suma total de puntos se divide entre o saldo restante (a cantidade de 50.000 € menos a suma do importe concedido ao concepto subvencionable 3.a) co fin de obter o valor por punto.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada concepto subvencionabel será do 75% do importe do proxecto presentado, sempre que alcancen o mínimo de puntos establecido na convocatoria anual.

Décima:-INSTRUCCIÓN

1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Servizo de Festas.

2.- Os solicitantes, a requirimento do Servizo de Festas, disporán dun prazo improrrogábel de dez (10) días para completar a documentación ou os defectos materiais e formais que se aprecien, con apercibimento de que, se así non o fixesen, se lles tería por desestimada da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 42 e 71 da Lei 30/1992.

3.- Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada polo concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos que actuará como presidente, e dous vogais designados entre o persoal técnico do Concello (o xefe do servizo de xestión e promoción cultural e a xefa do servizo de festas), un deles fará as funcións de Secretario/a.

En cumprimento do disposto no art. 21.4 párrafo 6 de Lei de subvencións de Galicia, o órgano instructor acreditará na proposta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas, según a información que obra no seu poder.

4.- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes a que se refire a base sétima e valorando as restantes solicitudes conforme ao establecido na base oitava.

5.- Prazo de resolución e notificación:

O prazo máximo de resolución das solicitudes e notificación as entidades solicitantes é de tres meses contados a partir da publicación da convocatoria, e notificaranse tanto as subvencións concedidas como as denegadas.

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, á proposta do Órgano Instructor.

Unha vez notificado o acordo de concesión, e de non existir escrito de renuncia polo beneficiario no prazo de 10 días contados dende a recepción da notificación, entenderase que a subvención foi aceptada.

Contra a resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses; ambos os dous prazos contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución.

Décimo primeira.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007, Lei 38/2003 e demais normativa de desenvolvemento desta última.

b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.

d) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización de actividade subvencionada.

e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas e financiamento municipal, incorporando o logotipo do Concello de Vigo, nos materiais impresos (carteis, folletos, follas informativas...), placas conmemorativas, medios electrónicos ou audiovisuais, ou anuncios nos medios de comunicación escrita.

f) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Festas estudará cal sería a lingua que empregar

para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

Décimo segunda.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

A concesión de subvencións ao abeiro da presente convocatoria será compatíbel con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas. En calquera caso o montante do financiamento obtido, por subvención ou outras fontes, non poderá resultar superior ao custo do programa subvencionado.

Décimo terceira.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.- Prazo de xustificación: unha vez rematado o programa, e como data límite o 5 de decembro de 2013.

2.- Cantidade a xustificar: O beneficiario terá que presentar facturas orixinais equivalentes ao importe concedido e ademáis unha memoria económica xustificativa de gastos ata o 100% do orzamento do proxecto presentado.

3.- Sistema de xustificación: mediante a presentación a través do Rexistro Xeral do Concello, da seguinte documentación:

a) Solicitude de liquidación e memoria das actividades levadas a cabo para a execución de cada programa, segundo o modelo facilitado polo Concello (ANEXO III), que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

a) Datos sobre os participantes na actividade: número de beneficiarios, perfil, etc.

b) Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.

c) Memoria de prensa.

d) A memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas incluírá o seguinte:

- *Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- *Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- *As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitiran facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

En ningún caso se admitiran simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- *Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.*
- *Tres exemplares do material impreso de difusión realizados con motivo da actividade subvencionada que deberá ter o logo do Concello de Vigo; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.*

4.- Pagamento da subvención: efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade declarada xunto a solicitude.

O pagamento non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

5.- Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción. A resolución da redución das axudas será competencia da Xunta de Goberno Local. Asemade, reducirase a subvención

cando os gastos xustificadas fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

Décimo cuarta.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta será comprobada polo servizo de Festas. A xefa do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Décimo quinta.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo servizo de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexta.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, REVOGACIÓN, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. REXIMEN DE INFRACCIONES E SANCIONES..

1.- Procede a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:

- a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento; así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.*
 - b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.*
- 2. O beneficiario poderá renunciar voluntariamente á subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.*
 - 3. Nulidade, reintegro, infraccións e sancións: Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
 - 4. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.*
 - 5. Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

Décimo sétima.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCIONES CONCEDIDAS

As subvencións concedidas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención individualmente considerado supera os 3.000 euros, ou no taboleiro de anuncios da entidade local nos restantes casos. En ambos casos expresarase o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

Décimo oitava.-SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O persoal técnico do servizo será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Décimo novena.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento o servizo de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o servizo de Festas.

Vixésima- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo primeira.- DISPOSICIÓN FINAL

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as entidades destinatarias das subvencións outorgadas

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO ANO 2013.

En virtude do establecido no artigo 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e disposicións concordantes, o servizo de festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a programas de actividades de ámbito sociocultural.

Primeiro.- Partida económica e créditos

A contía da presente convocatoria ascende a 50.000 euros, con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades sen ánimo de lucro) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

Segundo: Procedemento de concesión

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concurrencia competitiva.

Treceiro: - Prazos

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados dende a publicación desta convocatoria no BOP.

Cuarto: - Solicitantes

Persoas xurídicas sen ánimo de lucro: a todos os conceptos subvencionábeis.

Quinto: - Lugar onde se poden obter as bases e formularios:

As bases desta convocatoria están a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, web municipal (www.vigo.org) e servizo de Festas dende a data de publicación no BOP.

Sexto: - Lugar de presentación das solicitudes:

1. As persoas que concorren a esta convocatoria presentarán as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, ben directamente ben por calquera das formas previstas no artigo 38.4.da Lei 30/1992, mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (Anexo I).

Sétimo: - Ámbito temporal dos programa de actividades e gastos subvencionados:

Dende o 1 de decembro de 2012 ata o 30 de novembro do presente ano.

As actividades realizadas no mes de decembro incorporaranse á convocatoria anual seguinte.

Oitavo: - Notificación da resolución e recursos

A resolución da solicitude de subvención seralles notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de tres meses contados a partir da publicación da convocatoria no BOP, e notificarase tanto as subvencións concedidas como as denegadas. Transcorrido dito prazo sen que recaía resolución expresa, deberá entenderse desestimada. Dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a dictase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se o acto é presunto, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Noveno: LIÑAS DE SUBVENCIONS. CONCEPTOS SUBVENCIONABELS

LIÑA DE SUBVENCIÓN: Actividades socioculturais

CONCEPTOS SUBVENCIONABELS:

1.- Proxectos de actividades relacionados coas artes escénicas (teatro e danza), música, artes plásticas e literatura:

Coantía máxima subvencionábel o 75% do presuposto.

Límite mínimo de puntos: 30

Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR: 1

2.- Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias.

Coantía máxima subvencionábel o 75% do presuposto.

Límite mínimo de puntos: 30

Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR: 1

3.- Festas tradicionais e patronais:

a)Festas patronais de especial interese no ámbito urbano.

Asignación fixa por festa: 4.000 euros

Coantía máxima subvencionábel o 75% do presuposto.

Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR: 1

b) Festas patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual).

Coantía máxima subvencionábel o 75% do presuposto.

Límite mínimo de puntos: 30 puntos

Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR 1

c) Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias.

Coantía máxima subvencionábel o 75% do presuposto.

Límite mínimo de puntos : 30 puntos

Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR 1

19(384).- RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS, MES DE MARZO 2013. EXPTE. 5033/335.

En cumprimento co establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2013, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, mediante escrito de data 15.03.13, da conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **gasto menor** no Servizo de Festas o mes de marzo de 2013, que son os seguintes:

Expte: 5016/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A IMPLANTACIÓN DUN PLAN DE AUTOPROTECCIÓN PARA O AUDITORIO "MAR DE VIGO"

Decreto concelleira data: 18/03/2013

Informe Intervención: RCM 23417
Adjudicatario: PEDRO MURCIEGO DELGADO
Importe total: 3.690,00 EUROS

Expte: 5017/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REVISIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN PARA O AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS

Decreto concelleira data: 18/03/2013
Informe Intervención: RCM 23418
Adjudicatario: PEDRO MURCIEGO DELGADO
Importe total: 1.482,25 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

20(385).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA PROBA “I-NOCTURNA-CORRENDO POR VIGO”, O VINDEIRO 25 DE ABRIL. EXPTE. 11961/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.04.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a David Posada González, con D.N.I.36.130.699E, a organizar o vindeiro sábado 25 de abril, a proba denominada “I NOCTURNA - CORRENDO POR VIGO” dita carreira está previsto que teña a súa saída do Mercado de Travesas e transcurre polas rúas Florida, ata Pza de América, Castelao (carrís de dirección Centro) ata Tomás Paredes, Castelao,(carrís de dirección centro) ata rotonda do Alcampo, Martín Echegaray, Florida ata rotonda de Padre Seixas, Florida ata o Mercado das Travesas, para completar a distancia da carreira daránse dúas voltas ó percorrido).

21(386).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZACIÓN DA PROBA “XVI MEDIO MARATÓN DE VIGO” O VINDEIRO 12 DE MAIO. EXPTE. 11803/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.04.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Javier Álvarez Salgado, con D.N.I. 35.932.584,a organizar o vindeiro domingo, 12 de maio de 2013, a proba deportiva denominada “XVI Medio Maratón de Vigo”, que está previsto que se leve a cabo polas rúas, a Saída Porta do sol, Policarpo Sanz, García Barbón ata o cruce con Julia Minguillón, García Barbón, Isaac Peral, Areal, Plaza de Compostela, Carral, Marqués de Valladares, Rosalía de Castro, García Barbón, Policarpo Sanz, Elduayen, Paseo de Alfonso XII, Pi y Margall, López Mora, Pintor Lugrís, Alvaro Cunqueiro, 2º volta por , Camelias, Romil, Paseo

de Alfonso XII, Elduayen, Porta do Sol, Policarpo Sanz, Garcia Barbón ata cruce con Julia Minguillón , García Barbón, Areal. Plaza de Compostela, Carral, Marqués de Valladares, Rosalia de Castro, García Barbón , Policarpo Sanz, Elduayen, Paseo de Alfonso XII, Pi y Margall, Lopez Mora, Pintor Lugris, Alvaro Cunqueiro, Camelias, Venezuela. Blein Budiño, Ronda de Don Bosco y Príncipe, dita proba comenará ás 10.30horas e rematará ás 13.30 horas”.

22(387).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA PROBA “V CARREIRA FAMILIAR CEIP JAVIER SENSAT” O VINDEIRO 20 DE ABRIL. EXPTE. 12087/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.04.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Itxaso Salinas Aguilera, en calidad de presidenta del ANPA del C.E.I.P. Javier Sensat a organizar o vindeiro sábado 20 de abril de 2013, a V CARREIRA FAMILIAR CEIP JAVIER SENSAT, a proba comenará ás 11.30horas e rematará ás 13.00horas, a saída será dende a Avda. Atlántida e percorrera ata o cruce da rúa Castaña e o cruce da rúa Castañal, rematando no colexio.

23(388).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONCELLERÍA DE VIGO E A ENTIDADE TRAVIESAS HOCKEY CLUB PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, TEMPADA 2012-2013. EXPTE. 12034/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.03.13, o informe de fiscalización do 9.04.13, e de acordo co informe-proposta do 25.03.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva Traviesas Hockey Club para o a subvención do proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría OK Liga Feminina na tempada deportiva 2012/2013.

2º.- Aprobar o gasto de 20.000,00 €. a favor da entidade Traviesas Hockey Club CIF nº G-36680239 e enderezo social na rúa Ctra. Igrexa Roteas 20, en Vigo segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 12034-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.08 do vixente orzamento. Este importe será abonado de acordo cos seguintes pagos:

- 4.303,55€ serán abonados directamente o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade Traviesas Hockey Club polos usos deportivos do equipo de élite.
- 15.696,45 € serán abonados directamente a entidade Traviesas Hockey Club CIF nº G-36680239 e enderezo social na rúa Ctra. Igrexa Roteas 20, en Vigo, mediante transferencia bancaria. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.08 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE TRAVIESAS HOCKEY CLUB PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO EQUIPO DE ÉLITE DA ENTIDADE, VINCULADO Á TEMPADA 2012-2013.

Na Casa do Concello de Vigo, a __ de _____ de dous mil trece.

REUNIDOS

Dunha parte, Alcalde de Vigo Abel Caballero Álvarez.

Doutra, dona Marta González Pérez como presidenta da entidade Traviesas Hockey Club CIF nº G-36680239 e enderezo social na rúa Ctra. Igrexa Roteas 20, en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 12034-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Traviesas Hockey Club conta cun equipo de élite que participa na categoría OK Liga Feminina desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Traviesas Hockey Club desenvolve o proxecto do equipo de élite desta entidade durante a tempada 2012/2013.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- *Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- *Contribuir a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*

- *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- *A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.08, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade deportiva Traviesas Hockey Club.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de élite da entidade Traviesas Hockey Club na tempada deportiva 2012/2013.

V.- Que a entidade Traviesas Hockey Club non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, e non existe endoso nin cesión de crédito da entidade pendente de tramitación, segundo resulta das declaracións responsables, certificacións e demais documentos que figuran no expediente núm. 12034-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Traviesas Hockey Club o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Traviesas Hockey Club comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- *Programa Municipal de escolas deportivas.*
- *Xornadas de formación.*
- *Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.*
- *Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- *...*

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- *A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.*
- *Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.*

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Traviesas Hockey Club na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de élite na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Traviesas Hockey Club (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Traviesas Hockey Club unha subvención por importe de 20.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.08 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades do equipo de élite da entidade, desenvolvidas na tempada deportiva 2012/2013.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite

da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaron tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autonomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2012/2013. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación

xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2012/2013.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2013.

24(389).- NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA E DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE MANTEMENTO E CONSOLIDACIÓN DO ACTUAL CIRCUÍTO DE ADESTRAMENTO NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 12095/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.04.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Nomear coma dirección facultativa das obras de mantemento e consolidación do actual circuíto de adestramento no parque de Castrelos ao técnico municipal D. Jorge Muñoz.

2º.- Nomear coordinador de Seguridade e Saúde ao arquitecto D. Miguel Porras Gestido, en representación de Naos 04 Arquitectos, SLP.

25(390).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 4.066,30 € A FAVOR DE GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A. POLA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE-CARBURANTE PARA AS CALEFACCIÓNS DE CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA. EXPTE. 14876/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 27.03.13, e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 20.03.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A. (A-65067332), por importe de 4.066,30.-€ (CATRO MIL SESENTA E SEIS CON TRINTA EUROS), polo subministro de combustible-carburante para as calefaccións centralizadas con caldeiras de gas natural do CEIP "A Paz-Tintureira" e o CEP "Doutor Fléming" durante o periodo de lectura de contador comprendido entre o 24-01-2013 ao 20-02-2013, con cargo á partida presupuestaria 3210 221 02 00 (Subministro de Gas) e bolsa de vinculación do vixente presuposto municipal.

26(391).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 12.679,59 € A FAVOR DE GAS NATURAL S.U.R. SDG S.A. POLA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE-CARBURANTE PARA CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA E DE ESCOLAS INFANTÍS. EXPTE. 14877/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 27.03.13, e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 20.03.13, conformado pola delegada da Área de Educación e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa GAS NATURAL SERVICIOS SDG S.A (CIF A-08431090), por importe de 12.679,59 EUROS, polo subministro de combustible-carburante para as calefaccións centralizadas con caldeiras de gas natural do “Virxe do Rocío”; “Illas Cíes”; “Ría de Vigo”; El Tomás Alonso e El Bouzas durante o periodo de lectura de contador comprendido entre o 05-11-2012 ao 20-02-2013 , con cargo á partida presupuestaria 3210 221 02 00 (Subministro de Gas) e bolsa de vinculación do vixente presuposto municipal.

27(392).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN VECIÑAL EDUARDO CHAO E O CONCELLO DE VIGO PARA COADJUVAR Á FINANCIACIÓN DAS “XXI XORNADAS DAS MULLERES VECIÑAIS DE VIGO” PARA O 2013. EXPTE. 5904/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 3.04.13, o informe de fiscalización do 15.04.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, conformado pola concelleira de dito servizo e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do Convenio de subvención entre a “Federación Veciñal Eduardo Chao” e o Concello de Vigo para coadjuvar á financiación das “XXI Xornadas das Mulleres veciñais”.

2º.- Autorizar o gasto de 6.000,00€ (seis mil euros) para facer fronte aos gastos derivados da execución deste convenio, con cargo á partida nominativa “*Convenio colaboración coa Federación Veciñal*” 2311 489005 do orzamento vixente da concellería de Igualdade

3º.- Aprobar o texto, que de seguido se dí:

“ Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil trece

REUNIDAS

Dunha parte, don Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Excmo. Concello de Vigo, na representación legal do mesmo.

Doutra, María Pérez González, na súa calidade de presidenta da Federación Veciñal Eduardo Chao, con CIF nº G36681708 e enderezo social na praza da Princesa nº 7-2º andar Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que obra no expediente.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, 26 e 28 confire ás administracións locais competencias no eido da Muller, e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

II.- Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Desde hai vinte anos a concellería de Igualdade (antes concellería de Muller) ven colaborando activamente coa Federación Veciñal "Eduardo Chao" no desenvolvemento das Xornadas das Mulleres Veciñais que se organizan con perioricidade anual.

Estas Xornadas das Mulleres veciñais configúranse como un punto de encontro entre as mulleres da cidade para traballar e debatir diferentes temas de actualidade que contribúan a promover e potenciar valores de igualdade na sociedade. As xornadas son froito dun traballo continuado durante mais de quince anos que serviron para a súa consolidación e conversión nun punto de referencia para o debate sobre a igualdade.

III.-A Asociación "Federación Veciñal Eduardo Chao", é unha entidade sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e pola demais lexislación existente que lle é de aplicación.

A ampla traxectoria desta asociación caracterízase pola súa intensa defensa dos dereitos da muller e no combate e denuncia da violencia de xénero. É unha entidade que ten participado activamente no Consello Municipal da Muller desde os seus comezos.

IV.- Este ano, a "Federación veciñal Eduardo Chao", manifesta a súa vontade de continuar esta liña iniciada e consolidada. Para elo ten previsto organizar as "XXI Xornadas das Mulleres Veciñais". Coa finalidade de:

- Empoderar as mulleres do movemento asociativo veciñal de Vigo.*
- Impulsar os procesos participativos con perspectiva de xénero.*
- Coñecer os recursos e programas de igualdade do Concello de Vigo.*
- Orientar e sensibilizar sobre a importancia de inculcar unha cultura responsable para avanzar dunha forma equilibrada.*
- Obter os indicadores necesarios para lograr os obxectivos máis importantes, así como, as recomendacións necesarias para elaborar políticas de conciliación.*
- Romper cos estereotipos pasados, evolucionar minimizando/erradicando a discriminación da muller nas empresas.*

- *Concienciar da importancia de respetar as condicións salariais, accesibilidade a postos de relevancia, protección dos dereitos a ser nai e fortalización dos programas de compatibilización para non frear as mulleres.*
- *Dar a coñecer as medidas e programas en marcha ou pendentes da Concellería de Igualdade en materia de conciliación.*

Estes obxectivos enmárcanse nas accións recollidas no “IV Plan integral de Igualdade de oportunidades de Mulleres e Homes” aprobado pola corporación municipal en novembro de 2009, para o período 2009/2012 e prórrogada a súa vixencia na Xunta de Goberno Local de data 25 de febreiro de 2013.

Considerando que esta iniciativa presentada pola “Federación Veciñal Eduardo Chao” cumpre os obxectivos da concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa no eido social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

V.-A concesión desta subvención directa acóllese ao previsto no artigo 19, 4.a da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar prevista nominativamente no orzamento vixente. O Concello de Vigo fará fronte ao importe da axuda, que ascende a : 6000,00 € con cargo á partida nominativa” “Convenio colaboración Federación Veciñal Eduardo Chao” 2311 489005 do orzamento vixente da concellería de Igualdade.

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación das “XXI Xornadas das Mulleres veciñais”.

VII.- Que a “Federación Veciñal Eduardo Chao” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que obran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da “Federación Veciñal Eduardo Chao”, o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

PRIMEIRO- O presente convenio ten por obxecto colaborar coa “Federación Veciñal Eduardo Chao” (en adiante FAVEC) no desenvolvemento das “XXI Xornadas das Mulleres Veciñais” durante o ano 2013, segundo a memoria xustificativa que se incorpora como Anexo I.

A FAVEC comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:

- 1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.*
- 2.- Empregar o galego e unha linguaxe e imaxe non sexista en todos os medios de promoción e difusión.*

3.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

4.- Todas as actividades desenvolvidas pola FAVEC na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

5.- A persoa ou persoal que preste servizos na FAVEC non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

6.- As obrigas da FAVEC, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

SEGUNDO.- O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

Primeiro.- Colaborar coa FAVEC na difusión e dinamización dos contidos e actuacións da FAVEC vinculados con este convenio.

Segundo.- Colaborar na financiación das actuacións vinculadas a este proxecto a través da concesión directa dunha subvención por importe de 6000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da colaboración no ámbito da promoción da igualdade para a organización das "XXI Xornadas das Mulleres Veciñais", con cargo á partida "Convenio de colaboración coa Federación Veciñal Eduardo Chao" 2311 489005 do orzamento vixente da concellería de Igualdade.

Terceiro.- Esta subvención non será compatible con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cuarto.- O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en dúas partes:

- A primeira, por importe de 1.800,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.
- A segunda por importe de 4.200,00 €, previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria final da actividade e xustificantes orixinais de gasto polo importe de 6.000,00 €, segundo o estipulado no pacto noveno.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria, en relación á subcontratación con terceiros, atenderá ao previsto no artigo 29 na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ademais, non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 dos artigos citados.

Sétimo.- Para o seguemento e avaliación do presente convenio establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

Unha técnica do servizo municipal de Igualdade.

Unha representantes da vogalía da muller da Federación Veciñal

Actuará como secretaria da comisión unha técnica do servizo municipal de igualdade.

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logotipo e lenda do Concello de Vigo e da Concellería de Igualdade en canto material escrito e audiovisual se edite. Igualmente, deberá facer mención a esta financiación en cantas intervencións presentes ou futuras se realicen nos medios con motivo destas actividades. A concellería de Igualdade conformará o material de difusión que se empregue para difundir as actividades obxecto deste convenio. Para elo, a FAVEC deberá achegar á concellería de Igualdade as probas e propostas de material (circulares, carteis, convites, folletos, etc) coa debida antelación.

Noveno.- Antes do 10 de decembro de 2013, a beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por valor do 100% do importe da axuda concedida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida, así como declarar o importe e a aplicación dos fondos propios que financian tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A axuda do Concello de Vigo incluírá os gastos xerados pola actividade, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade. Anexo II.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e

normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria cuantitativa e cualitativa sobre a actividade desenvolvida no marco deste convenio, achegando entre outros: relación de mulleres participantes, cinco exemplares de todo o material impreso e en formato dixital empregado para a difusión das actividades obxecto deste convenio.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o período de organización e execución da actividade.

Décimo segundo.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade .

A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporarase á conta xustificativa.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de

Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data indicado."

28(393).- ADXUDICACIÓN DA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO POR UN IMPORTE DE 9.100.000 € PARA O FINANCIAMENTO DO PLAN DE INVESTIMENTOS 2013. EXPTE. 102137/140.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación constituída o 11.04.13 para a apertura, revisión e valoración das ofertas para a concertación da operación de préstamo para o financiamento dos investimentos do ano 2013, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a operación de préstamo con apertura de póliza de crédito destinada a financiar parte do plan de investimentos previsto no Orzamento Xeral do ano 2013 á Entidade Financeira Banco de Bilbao Vizcaya Argentaria (BBVA), de acordo ás seguintes condicións:

- Importe: 9.100.000,00 euros
- Natureza: Préstamo con apertura de conta de crédito.
- Tipo de interese: Variable, referenciado a EURIBOR.
- Marxe: Máximo de 4,85 puntos porcentuais
- Prazo de amortización: 10 anos.
- Plan de amortización: Anual, a 31 de decembro de cada ano, sendo a primeira amortización o 31.12.2014 e a última o 31.12.2023. Se o día establecido para a amortización fose inhábil, cargárase a amortización o primeiro día hábil anterior.
- Liquidación de intereses: Trimestral (Trimestres naturais), a excepción do último trimestre de cada ano, que se liquidará e pagará o último día do trimestre ou hábil anterior, e o primeiro, que se li-

quidará dende a/as disposicións do período até o fin do trimestre natural.

- Carencia: Dende a sinatura do contrato até o 30.12.2014.
- Consolidación da contía: 31.12.2013.
- Período de disposición: O de carencia.
- Amortización anticipada: Sen custo.
- Apertura da póliza: Sen custo.

29(394).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 185.083,20 € A FAVOR DE LIMPIEZAS DEL NOROESTE S.A. POLA LIMPEZA DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS- DECEMBRO 2012. EXPTE. 138/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 4.03.13, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 25.03.13, conformado pola concelleira de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la nulidade das actuacións realizadas.

2º.- Aproba-lo recoñecemento extraxudicial de créditos a favor da empresa Limpiezas del Noroeste S.A., por importe de 185.083,20 €, con cargo á aptida 9220.2270000.

3º.- Recoñecer as obrigacións a favor da empresa Limpiezas del Noroeste S.A. por un importe de 185.083,20 € pola limpeza de dependencias municipais perante o mes de decembro de 2012.

30(395).- SOLICITUDE DE D^a M^a CARMEN NAVEIRA BOTANA, SOBRE O PACTO DE REVERSIÓN DA PARCELA DO HOTEL BAHÍA. EXPTE. 1378/426.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 27.03.13, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Da. M^a del Carmen Naveira Botana, mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral deste Concello do día 6 de setembro do 2012 solicita información conforme na actualidade non atopase suxeto o inmovible sito na Avda. Canovas del Castillo nº 24-16-b ó pacto de reversión a favor do concello co que figura inscrita no Rexistro da Propiedade, dacordo coa información rexistral achegada xunto sua solicitude.

SEGUNDO.- Polo servizo de Barrios Históricas da Xerencia Municipal de Urbanismo informouse, en data 28 de setembro do 2012, en relación as licenzas de obra e actividade da edificación da rua Canovas del Castillo dedicada a Hotel, o seguinte:

Expediente nº 759/68: Que pola Comisión Municipal Permanente do Excmo. Concello de Vigo, en sesión do 13/03/1968, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

“Autorizar, salvo derecho de propiedade e sin perjuicio de terceiro a Don La Lage SA para construír con arreglo a los planos reformados un edificio con reserva para garage-aparcamiento de vehículos destinado a locales comerciais, oficinas, Hotel, Apartamento e vivendas en la Avda de Cánovas del Catillo (...).”

Expediente nº 204/70: Que por Providencia do Sr. Alcalde de data 09/11/1970 dictouse o seguinte:

“ Visto el presente expediente y de conformidad con el informe propuesta que antecede. He resuelto conceder a LAGE, S,A licencia de apertura para un establecimiento dedicado a Hotel, denominado Hotel Bahía de Vigo, en la calle Cánovas del Castillo s/n, debiendo sujetarse en todo momento a la legislación que regula el funcionamiento de estos establecimientos (...).”

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O Concello de Vigo mediante acordo plenario adoptado o 29 de xullo do ano 1966 acordou a enaxenación mediante subasta pública a finca do antigo mercado da Laxe. Trala tramitación do correspondente procedemento de enaxenación, e dacordo coas bases aprobadas polo Pleno o 30/11/1966, resultou definitivamente adjudicada a súa venda a D. Manuel Prieto Perez por Providencia da Alcaldía de data 17 de xuño do 1967.

A finca municipal enaxenada, figura inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 de Vigo, no Tomo 180, Folio 143 Finca nº 11.507.

A venda formalizouse en escritura pública otorgada en data 31/07/1967 ante o Notario D. Demetrio Mendez Curiel, e autorizada co nº 2584 do seu protocolo.

SEGUNDO.- Dacordo coas bases aprobadas polo pleno municipal o 30/11/1966 para a venda de dita finca, e tal como recolleuse na escritura pública na que formalizouse e consta na inscrición rexistral da mesma “ El comprador queda obligado a realizar las obras de edificación-con arreglo a lo señalado en las Ordenanzas Municipales, iniciando dentro del plazo de los seis meses, una vez obtenida la oportuna licencia de obras que el comprador deberá solicitar antes de transcurrido un año desde la fecha de la adjudicación definitiva. Si transcurrido dichos plazos no se hubiera dado cumplimiento a lo estipulado en esta clausula, el solar revertirá automaticamente y de pleno derecho al Excmo. Ayuntamiento con sus pertenencias y accesorios. (Clausula Quinta).

TERCEIRO.- Do contido de dita estipulación quinta, resultou a obriga do comprador de solicitar a correspondente licencia de obras no prazo dun ano dende a data da adjudicación definitiva da finca subastada, así como o inicio das obras de edificación no prazo de 6 meses dende o otorgamento de dita licencia.

No que atinxe ó cumprimento desas obrigas, podese sinalar, que do informado polo servizo de Barrios Históricos da Xerencia Municipal de Urbanismo e dos datos que constan nos expedientes a que faise mención no mesmo informe, a Comisión Municipal Permanente en sesión de data 13 de marzo do ano 1968 otorgou licencia de obra para a construción dese edificio destinado a Hotel, apartamentos e vivendas, obtendo así mesmo licencia de apertura para o establecemento do Hotel por Providencia da Alcaldía na data 9/11/1970. A partir do contido destes acordos, e ante a ausencia doutros datos, en concreto, os referentes a data na que solicitouse a licencia de obra e a do inicio das obras de construción, podese considerar que en calquera caso a data da solicitude da licencia de obra, tivo que producirse con anterioridade o acordo da CMP do 13/3/1968 polo que se otorgou a licencia e conseguintemente, dentro do prazo do ano

fixado na estipulación quinta, que iniciouse ó 17/06/1967 o corresponderse coa data do acordo de adxudicación definitiva da subasta.

En canto a obriga de inicio das obras no prazo dos 6 meses dende a data de otorgamento da licenza de obra (13/03/1968), igualmente no resulta deses expedientes datos concretos que fixen a data do seu inicio, nin do cumprimento ou non desa obriga, nembargantes atendendo o contido dun acta de invitación levantada pola Inspección de Rentas deste Concello do ano 1970 no que sinala que nese ano procedeuse a apertura do establecemento do Hotel, polo tanto xa tíñase rematada nesas datas a súa construción e finalizado o prazo estipulado do seu inicio, así como o feito de que se procedera posteriormente a dictar pola Alcaldía unha Providencia en data 9/11/1970 otorgando a licenza de actividades a mesma sociedade promotora, La Lage SA, a quen a CMP autorizou a súa construción, cabe presumir o cumprimento do estipulado, xa que tendo vencido sobradamente nesas datas o prazo previsto para o cumprimento de dita obriga e polo tanto, no caso de que concurrira o presuposto de feito o que estaba supeditado, xurdido o dereito a posible efectividade do pacto de reversión estipulado, non consta en modo algun que tivera acontecida a reversión automática ó patrimonio municipal, da finca enaxenada xunto coas súas melloras, polo incumplimento das condicións do contrato.

CUARTO.- A teor do exposto, podese considerar que na actualidade dita cláusula de reversión pactada carece de eficacia, tanto no suposto de estimarse cumpridas polo comprador as condicións impostas coa conseguinte consolidación de dereitos (o que cabría deducir do xa sinalado), como noutro caso, ó non constar que houbera operado dita reversión automática, resultaría inviable neste intre o posible exercicio dunha acción de reversión pola dificultade que entrañaría dado o tempo transcurrido dende que venceu o prazo otorgado para o cumprimento das obrigas que podería determinar a súa extemporaneidade (art. 1964 do CC), como pola ausencia de antecedentes nos que poder baseala ou, na concurrencia de terceiros adquirentes cujos dereitos veríanse afectados.

Conseguíntemente procedería declarar extinguida a cláusula de reversión prevista no contrato de compraventa e acordar a cancelación de dito pacto de reversión estipulado.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Declarar a extinción do pacto de reversión automática do solar disposto na cláusula quinta da escritura pública de compraventa otorgada en data 31/07/1967 ante o Notario D. Demetrio Mendez Curiel, e autorizada co nº 2584 do seu protocolo.

Segundo.- Solicitar do Rexistro da Propiedade nº 5 de Vigo a cancelación do pacto de reversión co que consta inscrita a finca nº 11.507 ó folio 143 do tomo 68, Inscripción 2ª.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(396).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE OUTUBRO-2012 E FEBREIRO-2013. EXPTE. 23937/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.04.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 25.03.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS
Limpeza	Outubro-2012	34'00
Inspección Vías e Obras	Outubro-2012	68'00
Parque Móbil	Outubro-2012	40'00
Ospio	Outubro-2012	40'00
Montes, Parques e Xardíns	Outubro-2012	112'00
Parque Móbil (Medio Ambiente)	Outubro-2012	68'00
Vías e Obras	Outubro-2012	162'00
Desinfección	Outubro-2012	56'00
Conserxería	Outubro-2012/Xaneiro-2013	29'30
Medio Ambiente	Outubro-2012	31'00
Parque Móbil (Vías Obras)	Outubro-2012	40'00
Parque Central	Outubro-2012	97'00
Cultura	Outubro-2012	16'00

O montante do presente expediente ascende a un total de 6.369'39 €.

32(397).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO MES DE FEBREIRO DE 2013. EXPTE. 23936/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.04.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 12.03.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Febreiro	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	466,32	111,52	577,84
Alcaldía (Oficina)	Marz/Febr-12	De Cid Mouteira, Patricia	249,24	29,92	279,16
Policía Local	Febreiro	De Abalde Casanova, Jesús I. a Vivero Mijares, Juan G.	39.488,86	26.667,80	66.156,67

Parque Móbil	Febreiro	De Alonso González, Ángel a Troncoso Martínez, Avelino	804,00	777,24	1.581,24
Extinción Incendios	Febreiro	De Cabaleiro Novelle, Daniel a Veiga García, Rubén	1.318,56	206,72	1.525,28
Cemiterios	Febreiro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	1.690,41	0,00	1.690,41
Montes, Parques e Xardíns	Febreiro	De Casas Iglesias, Alfonso a Pérez Da Silva, Eduardo A.	273,36	0,00	273,36
Limpeza	Febreiro	De Hermida Sanmartín, Juan J.	152,76	372,64	525,40
Desinfección	Xaneir/Febrei	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	313,56	282,88	596,44
Parque Central	Febreiro	De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Leiros, Alfonso	884,40	685,44	1.569,84
TOTALES.....			45.641,47	29.134,16	74.775,64

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de **74.775,64 €**, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

33(398).- PRODUCTIVIDADE D. JESUS M. GARRIDO MARCOS 2011 POR OCUPACIÓN DE POSTO DE SUPERIOR CATEGORÍA. EXPTE. 23971/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.04.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 22.03.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar ao empregado municipal D. Jesus Manuel Garrido Marcos, con NP 15527, xefe de turno adscrito ao servizo de limpeza, pola realización das funcións de superior categoría ao longo do ano 2011, recollidas no informe do Xefe do servizo de data , un complemento de produtividade por importe de 1340.10€.

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 1340.10€ en concepto de produtividade a favor do empregado municipal D. Jesus Manuel Garrido Marcos, con NP 15527, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 "Productividade".

34(399).- COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE CONDUCTORES ADSCRITOS AO GABINETE DA ALCALDÍA CORRESPONDENTE AOS MESES DE DECEMBRO 2012 A MARZO 2013. EXPTE. 23999/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.04.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 4.04.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como condutores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, durante os meses de decembro de 2012 a marzo de 2013, de conformidade coa proposta do Xefe de Relacións Públicas e Protocolo, de data 3 de abril de 2013:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, por un importe total de 2.614,67 €.
- D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, conductor da Alcaldía, por un importe total de 2.768,88 €.

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

35(400).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOCE AXUDANTES DE OFICIOS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DA LEY 7/2007, DO 12 DE ABRIL (EBEP) POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES. 23989/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.04.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 2.04.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia no nomeamento de doce funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Axudantes de oficios, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación contidas no escrito de data 13 de setembro de 2012 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 126.306,00€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

2º.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, á D. FRANCISCO ARROYO MUÑOZ, DNI 50.097.360-W, D. ARTURO MERA AIRA, DNI 32.818.670-Q, D^a. ALEJANDRA PRIETO ALCARAZ, DNI 70.873.827-V, D. OSCAR BALLESTEROS VÁZQUEZ, DNI 36.158.387-H, D. JOSÉ OTERO FERVENZA, DNI 78.734.225-G, D. ENRIQUE FERNANDO COUSO SUÁREZ, DNI 36.050.235-N, D. FRANCISCO FERNÁNDEZ PEREIRA, DNI 36.140.031-Q, D^a. LEONOR M^a. BARRIO MARTÍNEZ, D.N.I

13.144.088-W, D. ALBERTO GREGORIO DOMÍNGUEZ, DNI 36.146.916-R, D^a. TERESA QUINTEIRO DOMÍNGUEZ, DNI 53.175.920-N, D. RAMÓN FERNÁNDEZ GARCÍA, DNI 36.118.838-Y e D. MIGUEL SAÚL SAN MARTÍN BARREIRO, DNI 35.316.684-T seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Axudantes de Oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

3º.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 218, vixiante de instalacións municipais, sendo adscritos/as ao Servizo de Educación (cód. 332)".

4º.- A xornada laboral dos traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.

5º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

36(401).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL:

a)Resolución de autorización de permiso sen soldo da funcionaria D^a Aurora Murillo Díaz. 23931/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 3.03.13, que di o seguinte:

Primeiro.- Autorizar a D^a Aurora Murillo Díaz, con DNI nº 36.122.133-N e nº persoal 79789, funcionaria interina coa categoría de Diplomada en Traballo Social, adscrita ao Servizo de Benestar Social, un permiso non retribuído durante o vindeiro mes de maio de 2013 de conformidade co previsto no art. 17.a) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos personais e pagas extraordinarias.

Segundo.- Dese conta da presente resolución á interesada, xefa do Servizo de Benestar Social, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Planificación e Organización, Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

b) Resolución de declaración en situación de excedencia para o coidado de fillo de D^a M^a Dolores Capelo González. Expte. 23984/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 26.03.13, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- Declarar á funcionaria municipal D^a M^a Dolores Capelo González, con DNI 34.626.818-L e nº de persoal 21781, administrativa de admón. xeral adscrita ao Tribunal Económico-Administrativo, encadrada no subgrupo C1 de titulación, en situación de excedencia para o coidado dun fillo, no período comprendido entre o 08/04/2013 e 25/04/2014 (ámbolos dous incluídos), computando o dito período a efectos de trienios e Seguridade Social, nos termos do disposto na normativa vixente, con dereito a reserva do posto de traballo nos termos legalmente previstos.

SEGUNDO.- De conformidade co disposto no art. 14 do Real Decreto 365/1995, deberá solicitar o reingreso con anterioridade ao vencemento do prazo, sendo declarada na situación de excedencia voluntaria por interese particular, de non facelo.

TERCEIRO.- Dese traslado da presente resolución á Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización, Inspector Auxiliar de persoal e negociado de Seguridade Social), Xefatura do Tribunal Económico-Administrativo e á interesada. Así mesmo, deberá darse conta á Xunta de Goberno Local.

c) Resolución autorizando permiso non retribuído á D^a. M^a Soledad García Riveiro. Expte. 23976/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 25.03.13, que di o seguinte:

Primeiro.- Autorizar a D^a M^a Soledad García Riveiro, con DNI nº 36.102.999-Z e nº persoal 79159, funcionaria de carreira con praza de Administrativa de Admón. Xeral e posto de traballo de xefa de negociado de Medio Ambiente, adscrita ao Servizo de Medio Ambiente, un permiso non retribuído durante o período comprendido entre o 22/04/2013 e 21/07/2013 (3 meses), de

conformidade co previsto no art. 17.a) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos personais e pagas extraordinarias.

Segundo.- Dese conta da presente resolución á interesada, Sr. Xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Planificación e Organización, Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

d) Resolución dando conta de aceptación de renuncia presentada por D. Carlos Sahuquillo Franco. Expte. 23979/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 21.03.13, que di o seguinte:

Aceptar a renuncia presentada con data 12 de marzo de 2013 por D. Carlos Sahuquillo Franco, con DNI 36.131.304-Y, nº de persoal 79149, nomeado funcionario interino por acumulación de tarefas como diplomado en traballo social, con efectos do día 31 de marzo de 2013, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A presente resolución notifíquese o interesado, Xefatura de Área de Benestar Social, Xefatura de Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos-Humanos (Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debéndose darse conta a Xunta de Goberno Local.

e) Resolución autorizando a reincorporación ao servizo activo de D. Manuel A. Cordoba Ardao. Expte. 23961/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 2.04.13, que di o seguinte:

“Primeiro.- Autorizar o reingreso ao servizo activo no Concello de Vigo do funcionario municipal D. Manuel Ángel Córdoba Ardao, con DNI 36.077.543L, nos termos da petición formulada en escrito de data 08/03/2013 (documento nº 130027967) de conformidade cos informes emitidos no presente expediente administrativo nº 23.961/220, e procedendo en consecuencia a materializar o citado reingreso na praza de Técnico de Administración Xeral (rama xurídica), subgrupo A1,

escala de Administración Xeral -correspondente coa súa titularidade por parte do solicitante-asociada ao posto de traballo código 111.04 "Asesor/a Xurídico/a Adxunto/a", vacante na Asesoría Xurídica Municipal (Servizo código 111).

Segundo.- Declarar o prazo de 1 mes contado dende a notificación da presente resolución para a comparecencia do solicitante no Servizo de Recursos Humanos e conseguinte materialización do reingreso solicitado, dispoñendo, en caso contrario, o decaimento no procedemento administrativo de reingreso incoado a instancia de parte en escrito de data 08/03/2013 (documento nº 130027967).

Terceiro.- Da presente resolución dése traslado ao interesado, Alcaldía, Sra. Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Área de Réxime Interior (Xefatura da Área e planificación e organización), Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social) e Intervención Xeral Municipal, aos efectos que procedan.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

37(402).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS NO ANO 2013. EXPTE.3836/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.03.13, o informe de fiscalización do 9.04.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 27.03.13, conformado pola concelleira-delegada de Xuventude e a concelleira delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades xuvenís no ano 2013.

2º.- Autorizar, ao indicado fin, o gasto de 7.000€ con cargo á partida orzamentaria 3370.489.00.00 "Subvencións para o fomento de actividades xuvenís", do vixente orzamento.

Bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellaría de Xuventude. 2013.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25. 2 e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80. 2 establecen que o municipio exercerá, en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de actividades e programas de carácter xuvenil.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción de actividades xuvenís da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2013 consignan, na partida orzamentaria 3370.489.00.00 "subvencións para o fomento de actividades xuvenís", un crédito por un importe total de 7.000€ (sete mil Euros); crédito orzamentario, que o Concello de Vigo a través da Concellaría de Xuventude destina a colaborar no financiamento das actividades de promoción e fomento de actividades xuvenís desenvolvidas dende as entidades e/ou colectivos xuvenís do Municipio.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación, tal e como dispoñen os artigos 8 da LXS e 5 da LSG.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento e realización de programas e proxectos xuvenís mixtos, de mozos e mozas, por parte das entidades e/ou colectivos xuvenís da cidade, no ano 2013.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable se ocasionen nas entidades e/ou colectivos xuvenís, polo desenvolvemento, realización e participación en programas e proxectos xuvenís: actuacións dirixidas ao fomento e á participación do colectivo mozo e que se desenvolvan e realicen dentro do termo municipal de Vigo, programas de animación sociocultural e de carácter formativo e/ou preventivo, actividades de tempo libre e de lecer, actividades relacionadas coa cultura e a creatividade xuvenil e, en xeral, todos aqueles proxectos que se relacionen co ámbito de actuación da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

Serán subvencionables todos os gastos de desenvolvemento, realización e participación en programas e proxectos xuvenís ao longo do ano 2013.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 7.000 Euros (sete mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria para 2013; 3370.489.00.00 "Subvención para o fomento de actividades xuvenís". Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia. Neste caso, deberá tramitarse o correspondente expediente de gasto que será obxecto de fiscalización e ademais, este incremento de crédito non poderá tramitarse unha vez aprobada a concesión de axudas.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar a Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas :

a) Asociacións xuvenís e/ou entidades xuvenís sen ánimo de lucro inscritas como tal no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (Depto. de Participación Cidadá) ou ben que soliciten simultaneamente a súa inscrición no citado Rexistro.

b) Outras entidades (Asociacións ou fundacións) integradas maioritariamente por mozos/as* -100% da xunta directiva- que, carecendo de interese lucrativo, desenvolvan programas e actividades dirixidas ao fomento da participación dos mozos/as e con manifesto protagonismo xuvenil na súa elaboración e desenvolvemento global. Deberán estar así mesmo inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (Dpto. Participación Cidadá).

* Entenderase que, neste caso, a idade máxima para ser considerado/a mozo/a será de ata 35 anos, incluídos.

c) Grupos de mozos/as non constituídos como asociación que, carecendo de interese lucrativo, teñan capacidade para realizar un proxecto específico de interese xuvenil. Os requisitos que estes grupos de mozos/as deberán cumprir son:

- Estar formados por un mínimo de tres persoas con idades comprendidas entre os 15 e os 35 anos, ambas incluídas, e residentes no Municipio de Vigo.

◆ Establecer un representante que será o/a responsable do grupo de mozos/as, maior de idade, con poderes suficientes, e que deberá asumir todas as obrigas que corresponderán a agrupación como beneficiaria da subvención. En todo caso, todos os membros asociados ao beneficiario/a terán igualmente a condición de beneficiarios/as. En consecuencia, a subvención concedida será distribuída a partes iguais entre o número de membros que conforman o grupo beneficiario. Tanto na solicitude como na resolución de concesión farase constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios/as (en aplicación dos artigos 8.3 da LSG e 11.3 da LXS).

◆ Os/as membros do grupo de mozos/as non poderán pertencer, como socios ou membros, a ningunha asociación que sexa beneficiaria ou teña solicitado outra subvención das xestionadas pola concellería de Xuventude.

◆ A agrupación non poderá disolverse ata transcorrido o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de subvencións.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- As entidades con ánimo de lucro, as administracións públicas, así coma as entidades e unidades que dependan delas, orgánica ou orzamentariamente.

- *As entidades que presenten proxectos cuxas actividades poidan ser obxecto doutra convocatoria municipal.*
 - *Entidades sen ánimo de lucro cuxos fines e principios poidan implicar algún tipo de discriminación por razóns de raza, sexo, ideoloxía e condición social.*
 - *As asociacións que non teñan xustificado debidamente as axudas recibidas en anos anteriores.*
 - *As entidades que non estean inscritas no Departamento de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*
 - *Entidades cuxas solicitudes se presentan fóra do prazo establecido.*
 - *E, en xeral, aqueles proxectos que non se atopen dentro do ámbito de actuación do Servizo de Xuventude do Concello de Vigo ou non respondan aos obxectivos desta convocatoria.*
- 3.- *Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.*
- 4.- *Os solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*
- 5.- *Igualmente os solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.*

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- 1º.- *Realizar a actividade xuvenil subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.*
- 2º.- *Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.*
- 3º.- *Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito no procedemento de concesión da subvención.*
- 4º.- *Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.*
- 5º.- *En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que fagan visible a contribución das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 11 puntos:

Valorarase ata un máximo de 11 puntos en total, resultado da suma ponderada dos diferentes aspectos que se describen a continuación:

- Aspectos da entidade..... Máximo 2 puntos

Experiencia e traxectoria (0.02 /mes)	Máx.0.50 puntos
Colaboración con outras entidades no proxecto (0.25/entidade)	Máx.0.50 puntos
Número de socios/as (0.010 /10 socios)	Máx. 1 punto

- Aspectos do proxecto a realizar.....Máximo 7 puntos

Calidade e solidez do proxecto en conxunto	Máx.1 punto
Fundamentación e estrutura do proxecto	Máx.1 punto
Viabilidade e grao de aplicabilidade do proxecto	Máx.1 punto
Adecuación do proxecto coas necesidades da mocidade actual	Máx. 1 punto
Nº de beneficiarios directos (0.010/10 beneficiarios)	Máx.1 punto
Aspectos innovadores do proxecto con respecto ás necesidades xuvenís	Máx.1 punto
Compromiso na utilización dunha linguaxe e dunha imaxe non sexista nin estereotipada. Para a valoración terase en conta tanto a redacción do proxecto como o contido do mesmo, así como os materiais a empregar e a publicidade.	Máx.1 punto

- Recursos e financiamento.....Máximo 1 punto

Previsión e capacidade para conseguir outros fondos de financiamento público ou privado (0.20/cada entidade patrocinadora)	Máx. 1 punto
--	--------------

- g) Emprego lingua galega.....Máximo 1 punto

Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda	Máx. 1 punto
---	--------------

Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 3 puntos non se considerarán subvencionables.

Nos informes de valoración elaborados, a Concellaría de Xuventude deberá especificar e xustificar que actividades das presentadas non se inclúen na subvención, non podendo ser así financiadas coa contribución económica municipal.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades e/ou colectivos xuvenís que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións. A distribución farase en base a proporción valor/punto resultante da suma das puntuacións individuais acadadas no proceso de avaliación -que se realizará de acordo cos criterios previstos no apartado anterior- e da contía total prevista para as subvencións.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. O anuncio publicarase ademais nas webs de vigo.org e de xuventudevigo.org facendo constar a data de publicación no BOP e o prazo concreto para presentación de solicitudes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo 1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos ao dito expediente.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda e xustificación destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellería de Xuventude e na propia páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na web da Concellería de Xuventude (www.xuventudevigo.org).

A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade peticionaria e presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

Á instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación segundo o carácter do solicitante:

- Asociacións e entidades sen ánimo de lucro:

a) Instancia de solicitude da subvención. Anexo 1
b) Orzamento detallado de ingresos e gastos detallando a cantidade solicitada de subvención. Ver modelo Anexo 3b.
c) Declaración do secretario da entidade no que conste quen ten a condición de representante legal da entidade. Anexo 2.
d) Declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de

<i>Galicia. Anexo 4.</i>
<i>e) Certificado de subvencións solicitadas e/ou concedidas. Anexo 5.</i>
<i>f) Certificados orixinais ou copias compulsadas de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —a Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e coa Seguridade social.</i>
<i>g) <u>Proxecto detallado</u> do programa de actividades que se vai a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriamente, se axuntan no <u>anexo 3</u>. <u>Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto que, deberá desenvolver os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios.</u></i>
<i>h) <u>Certificado Orixinal da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.</u></i>
<i>i) <u>Fotocopia compulsada do código de identificación fiscal</u> da entidade solicitante e <u>fotocopia compulsada dos estatutos</u> da entidade.</i>
<i>l) <u>Certificación acreditativa dos cargos representativos.</u></i>
<i>m) <u>Declaración de compromiso do/a representante de que presentará no seu momento a xustificación da subvención no prazo establecido.</u></i>

7. Grupos de mozos/as:

a)	<i>Instancia de solicitude da subvención asinada por todos os membros do grupo xuvenil. Anexo 1</i>
b)	<i><u>Relación detallada e asinada por todos, das persoas que compoñen o grupo, indicando nome, DNI, enderezo e teléfono de cada unha, así como a súa previsible función no proxecto (organizador, colaborador, beneficiario...).</u> Engadirase a esta relación a fotocopia compulsada do DNI de todos/as os/as integrantes do grupo.</i>
c)	<i>Certificados orixinais ou copias compulsadas, de todos os membros do grupo, de estar ao corrente no pago dos impostos correspondentes a nivel municipal, Seguridade Social, Facenda e Axencia Tributaria.</i>
d)	<i><u>Declaración xurada e asinada de cada un dos membros do grupo na que expresamente se manifeste:</u></i> <ul style="list-style-type: none"> <i>• Que acepta todas as obrigas que puidesen corresponderlle como beneficiario, no seu caso, da subvención concedida.</i> <i>• Que non pertence, como socio ou membro directivo, a outra entidade asociativa que teña recibido ou vaia a solicitar subvención á Concellaría de Xuventude.</i> <i>- Que non está incurso nas circunstancias que figuran no art. 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.</i>
e)	<i><u>Certificado orixinal da entidade bancaria</u> indicando o Código de Conta Cliente (CCC, de 20 díxitos) da conta bancaria do representante responsable do grupo no que se realizará, no seu caso, o ingreso da subvención concedida.</i>

f)	<u>Proxecto detallado do programa de actividades que se vai a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriamente, axúntanse no anexo 3. Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto, que deberá desenvolver os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios.</u>
g)	<u>Orzamento detallado de gastos e ingresos previstos para a realización do programa de actividades, precisando do orzamento total de gastos, a cantidade que se solicita de subvención á Concellaría de Xuventude. Ver modelo anexo 3b.</u>
h)	<u>Declaración conxunta de todos os membros do grupo na que se explique o acordo de todos para nomear a un representante (Nome e apelidos e DNI) e na que se acepte que o ingreso, no seu caso, do importe da subvención concedida realizárase na conta bancaria que se especifique. Esta declaración deberá ir asinada por todos os membros do grupo.</u>

DÉCIMO SEGUNDA.- RECTIFICACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 20.5 da LSG sobre emenda da solicitude e, no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente Diario Oficial, anunciada na prensa local con referencia ao Boletín Oficial no que aparece publicada, e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente Diario Oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de todas as axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en todas as actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellaría de Xuventude– Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Xuventude será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta pola Concelleira de Xuventude, o xefe de Servizo da Área de Xuventude e un funcionario da mesma área que actuará como secretario.

A Concellería de Xuventude, como órgano instrutor, elevará informe de concesión coa proposta de resolución das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada que será a encargada de aprobar a proposta de resolución correspondente.

Así mesmo en previsión do artigo 21.4, parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os/as beneficiarios/as cumpren todos os requisitos para acceder a elas.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase aos solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses. Transcorrido este último prazo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión e así mesmo, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo en aplicación e amparo do artigo 116.2 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas, no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación, a comunicar por escrito á Concellería de Xuventude a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os/as beneficiarios/as non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada segundo o disposto no artigo 27.1 LSG.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

Os/ as beneficiarios xustificarán o proxecto subvencionado a través do Rexistro do Concello nos 10 días naturais posteriores a comunicación oficial da concesión de subvención e, así mesmo, o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. En todo caso, as subvencións deberán xustificarse dentro do ano 2013 e o prazo de xustificación deberá ser antes de rematar a segunda semana de decembro de 2013. (Artigo 12,

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e Base 38ª.11 das de Execución do Orzamento de 2013)

Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención. Porén, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, o prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado para os beneficiarios que o soliciten antes da comunicación oficial da concesión, se se concorresen causas que o xustifiquen.

Ao efecto de xustificar a subvención os beneficiarios deberán achegar:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, tanto no aspecto xuvenil como económico (Incluiranse o datos referentes aos gastos e ingresos reais xerados polos evento distribuídos por conceptos).
- Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura nos anexos 7,8,9,10 adxuntos destas Bases:

A7	Relación de facturas presentadas como xustificación.
A8	Certificado da veracidade das actividades realizadas.
A9	Certificado actualizado das subvencións concedidas ou recibidas doutras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.
A10	Declaración responsable do solicitante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —Axencia Tributaria, Concello de Vigo e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e para coa Seguridade Social, (Art. 31.7.(e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).
11	No seu caso, <u>certificado da Axencia Tributaria de exención do IVA.</u>

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

1º.- As facturas serán orixinais polo importe da subvención outorgada e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

2º.- Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.

3º.- Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante

orixinal estampillado incorporarase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A axeitada xustificación da realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención serán comprobadas polos servizos da Concellería de Xuventude e emitirase informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DÉCIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa debidamente xustificada.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIONES E SANCIONES.

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento, por parte da beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; a obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- RÉXIME DE RECURSOS

Tanto as bases e a convocatoria como cantos actos administrativos se deriven delas, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

38(403).- MODIFICACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LUDOTECAS NA CASA DA XUVENTUDE E COIA. EXPTE. 3731/336.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, 16.04.13, conformado pola concelleira delegada:

Con data 22 de marzo do presente ano a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de contratación 3731-336, que contén o prego de cláusulas administrativas particulares de data 20 de febreiro para a contratación do servizo de Ludotecas da Casa da Xuventude e Coia, así como o prego de prescricións técnicas de data 22 de xaneiro.

Dende o departamento de Contratación informannos que é necesario rectificar o prego de cláusulas administrativas, co fin de anular do mesmo a opción de presentacións de proposicións a través da Plataforma Electrónica de Contratación Pública vortal IGOV(CLAÚSULA 11) .

Por iste motivo faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Que se adopte o seguinte acordo:

1º.-" Aprobar o novo do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do Servizo de Ludotecas na Casa da Xuventude e Coia, de data 16 de abril, unha vez anulada a opción de presentación de proposicións a través de Plataforma Electrónica de Contratación Pública".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

39 (404).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos . Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.